

Edita: Xunta de Galicia

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

Coordinador Científico

Manuel González González

©Xosé Neira Vilas

©Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
Xunta de Galicia

Maquetación e impresión:

Cograf Cooperativa Gráfica Galega

981 561 562 - cograf@cograf2.com - Santiago de Compostela

ISBN:

978-84-453-5020-1

Depósito Legal:

C 2711 - 2011.

XOSÉ NEIRA VILAS

A PRENSA GALEGA DE CUBA

Na memoria de Ramón Armada Teixeira (Chumín de Céltegos) e Manuel Lugrís Freire (Roque d'as Mariñas), que o 5 de xullo de 1885 botaron a andar A GAITA GALLEGA, primeira publicación periódica, totalmente escrita na nosa lingua, que se editou en América.

EDITORIAL

Xénese

Na mañá do 10 de outubro de 1868, o avogado e poeta cubano Carlos Manuel de Céspedes, de corenta e nove anos de idade, convocou no seu enxeño azucreiro La Demajagua, da rexión oriental de Cuba, a pequena dotación de escravos que posuía. Concedeulles a liberdade e arengounos para que o seguisen na loita contra do poder colonial español. Comezaba unha guerra que duraría dez anos.

Pouco antes daquel levantamento derrubárase en España o trono de Isabel II. O novo goberno, valorando o que acontecía na Illa, nomeou capitán xeneral da mesma a Domingo Dulce Garay, que substituíu o odiado Francisco de Lersundi. Estreouse o novo “vicerrei” restaurando certas liberdades políticas, para ir ó compás do que viña ocorrendo na metrópole. A primeira delas foi a cacarexada *libertad de imprenta*. Con ela contribuíría a dividir a opinión entre separatistas e reformistas.

O 10 de xaneiro de 1869 fíxose público o seguinte decreto:

“Gobierno Superior Político de la Siempre Fiel Isla de Cuba. Usando de las facultades que se me han concedido por el Superior Gobierno de la Nación, decreto lo siguiente:

Artículo primero.- Todos los ciudadanos de la provincia de Cuba tienen el derecho de emitir libremente sus pensamientos por medio de la prensa, sin sujeción a censuras ni a ningún otro requisito previo”.

Segue o texto do decreto fixando normas, límites e condicións, e no quinto e derradeiro artigo dise que *“ni la religión católica en su dogma, ni la esclavitud, hasta que las Cortes resuelvan, podrán ser objeto de discusión”.*

Tal decreto foi derrogado o 12 de febreiro seguinte, é dicir, tivo unha vixencia de só trinta e tres días. Nesa etapa viron a luz ducias

de periódicos de curta andaina e das máis diversas tendencias, feitos e gustos. Algúns, con títulos tan suxestivos como *La voz del pueblo*, *La democracia*, *Patria libre*, *El amigo del pueblo*...

Nun período convencional, que dura trinta anos, ou sexa, que vai dende aqueles días ó fin do século XIX, e que abrangue tamén a guerra acendida en 1895, tras da que a Illa consegue a independencia (unha independencia “formal”, mancada pola intervención dos Estados Unidos de Norteamérica), xurdiu en Cuba unha prensa ricaz, variada, polémica. Abundan as publicacións políticas, satíricas, literarias, científicas... Houbo periódicos combativos feitos fóra do país (o caso máis singular é *Patria*, que escribía, denantes da guerra, José Martí, quen sostiña que todo movemento revolucionario ha de marchar sobre rodas de papel), e publicacións mambisas como *El cubano libre* e *La estrella solitaria*, que se editaban na manigua. Houbo tamén, naturalmente, abondosa prensa colonialista, reaccionaria, intransixente, que defendía os intereses españois e atacaba, en veces con ferocidade, ós que loitaban pola independencia, e incluso ós mornos autonomistas.

A prensa galega de Cuba. Prehistoria

De lonxe viña a presenza de galegos (homes e mulleres) na prensa de Cuba. A nómina sería longa e sempre incompleta. Galegos coma Ramón de la Sagra, Virginia Felicia Aubert, Isidoro Araújo de Lira e moitos máis. Non trataban especificamente temas de Galicia, nin empregaban a nosa lingua, se ben directa ou indirectamente influíron, xa que nos periódicos da Habana temos atopado, entre outros traballos de feito popular, versos de Xoán Manuel Pintos e de Alberto Camino, e breves referencias sobre aconteceres históricos do noso país¹.

¹ En etapas posteriores, incluído o século XX, abundan os galegos na prensa da Illa. Nunha pequena mostra, non estritamente cronolóxica, podemos citar directores como Álvaro Aenlle (*El productor*), Álvaro de la Iglesia (*La época*), María Prieto Balsa (*Corte y costura*), José Justo Martínez (*Ellas*), Cástor Vispo (*Sábado*), Francisco Mayobre (*Nosotros*), Dictinio Gómez (*Claridad*) etc.

A primeira publicación galega —máis polo nome e por outros detalles menores que polo seu contido xeral— é o semanario *La gaita gallega*, da Habana, que comezou a saír o 7 de xaneiro de 1872, e desapareceu coa edición do 11 de febreiro do mesmo ano. Viría logo outro semanario, *El avisador galaico*, de Cienfuegos, tamén de curta vida (3 de febreiro ó 2 de novembro de 1878). Estes dous periódicos conforman o que pode chamarse a “prehistoria” da prensa galega de Cuba.

Arredor de 1870 comeza a emigración, máis ou menos masiva, de galegos á Illa. Non imos analizar aquí as causas dela. Son as de sempre, coa soa variante do lugar de destino. En Cuba, a cuestión é máis complexa e está relacionada coa crise do sistema escravista, coa guerra iniciada por Céspedes, e co programa colonial de “branquear” a poboación cubana, ou sexa, manter unha maioría branca e impedir que unha revolución social protagonizada polos negros puidese igualar os dereitos duns e outros, máis alá das razas. Todo isto dito en esquema.

Moitos daqueles emigrantes morrían de febre amarela, e outros, coa saúde en creba por mor dos duros trafegos que tiñan que aturar, ficaban en total desamparo. Tal situación motivou a histórica xuntanza do 31 de nadal de 1871², na que trinta e sete galegos acordaron crear unha asociación solidaria para prestar axuda cunhas cantidades mensuais, asistencia médica e agarimo (amais da repatriación, se non houberse outro camiño) ós paisanos desvalidos. Así naceu a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia³. En xaneiro de 1880 fundouse oficialmente o Centro Galego da Habana. No entanto, xurdiron outras entidades. Na orde cultural merece destacarse o orfeón Ecos de Galicia, que o músico Higinio Vidales botou a andar o ano 1872.

² Levouse a cabo no desaparecido teatro habaneiro Albisu.

³ Aínda que na actualidade resultan anacrónicos os seus obxectivos iniciais e máis aínda no marco dunha revolución social profunda a institución segue en pé, como un símbolo da solidariedade galega. É a decana das nosas sociedades da emigración.

Unha singular exposición

Entre os días 13 e 28 de agosto de 1973, a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, da Academia de Ciencias de Cuba, mantivo aberta ó público⁴ unha novidosa e moi nutrida exposición sobre a prensa galega da Illa. Boa parte dos materiais expostos pertencen ó fondo da ricaz hemeroteca do ILL⁵; outros eran da Biblioteca Nacional, de institucións galegas da Habana e de coleccións particulares. A mostra espertou grande interese e foi visitada por moita xente. Era a primeira do seu tipo que se facía no país; a primeira na que se reunían publicacións periódicas editadas por unha comunidade de inmigrantes.

Esta exposición tiña un precedente en América, igualmente novidoso: a Primeira Exposición do Periodismo Galego na Arxentina, que se levou a cabo entre os días 22 de xullo e o 5 de agosto de 1960, en Buenos Aires, organizada pola entidade libreiro-editorial “Follas Novas”, daquela cidade⁶. Diciamos no catálogo desa mostra porteña que as revistas e semanarios expostos revelaban “as preocupacións políticas, económicas, sociais etc. dos emigrantes, e que en días propicios á rebelión galega, algúns deles tiñan levado o seu alento á Galicia territorial”. Isto é válido tamén para a nosa prensa de Cuba.

Vimos de mencionar a Cuba e a Arxentina, os dous países americanos a onde teñen arribado máis galegos ó longo de case cen anos. E non estaría demais establecer certa comparanza entre a prensa que fixeron estes emigrantes nun e outro país. A experiencia acadada no tráfego de ambas as mostras deunos elementos para isto.

De primeiras digamos que se dá a curiosa coincidencia de que *Acción Gallega*, *Aires da miña Terra*, *Almanaque Gallego*, *Galicia*, *Lar*, *Loita* e *Suevia*, son títulos comúns de revistas aparecidas

⁴ No hall do Instituto, Av. Salvador Allende, 710, Habana.

⁵ Algunhas coleccións valiosas, principalmente do século XIX, foran incorporadas apenas catro anos antes por xestión nosa ante a Sociedad de Amistad Cubano Española, SACE. Foran da biblioteca do desaparecido Centro Galego da Habana.

⁶ Instalouse na sala de exposicións do Centro Lucense, da Av. Belgrano.

en diferentes épocas e con características distintas nos dous países.

En Buenos Aires chegamos a catalogar 49 publicacións galegas. Delas, soamente 13 son independentes; as 36 que restan aparecen como voceiros de asociacións de emigrantes. En Cuba, ocorre o contrario. Das 71 que rexistramos, hai 43 independentes, e 28 de institucións. Isto é significativo. As publicacións que editan as sociedades están xeralmente condicionadas polas informacións sobre festas, actos diversos, balances económicos, movemento de socios, nacementos, vodas, necroloxías, etc. Queda pouco ou ningún espazo sobranste. Ademais, na maioría dos casos, os que se ocupan delas carecen de profesionalidade. En troques, as independentes saen na procura do lector, ó que tratan de atraer. Esfórzanse. Compiten. Non teñen respaldo ou “apadriñamento” societario. A calidade adoita ser substancialmente mellor.

El Eco de Galicia

Podemos afirmar que con este semanario bilingüe empeza a historia da prensa galega de Cuba. E de América. A historia da prensa galega da emigración⁷. O mérito débese a un intelixente mociño estradense: Waldo Álvarez Ínsua. Acababa de chegar, con vinte anos feitos, de Santiago de Compostela, onde estudaba Leis.

Bo comezo, pois foi unha publicación exemplar, defensora dos intereses dos emigrantes e sensible ós aconteceres da Galicia territorial; unha publicación de andaina sostida, xa que se editou vinte e tres anos arreo salvo unha interrupción de varios meses (1881-82) debido a algúns tropezos coa administración colonial.

⁷ Comezou a publicarse na Habana en marzo de 1878. Noutras latitudes seguírono: *La ilustración de Galicia y Asturias* (Madrid, 1879); *El gallego* (Buenos Aires, 1879); *Revista galaica* (Buenos Aires, 1880); *La voz de Galicia* (Montevideo, 1880); *El gallego* (Lisboa, 1881). *La ilustración gallega y asturiana*, continuadora da que vimos de citar con título semellante, aínda que se publicaba en Madrid, estaba patrocinada por Alexandre Chao, director de “La propaganda literaria”, dende a Habana.

En todo o decorrer deste semanario áchanse presentes nas súas páxinas a lingua galega, os valores diferenciais e as inqedanzas sociopolíticas do noso país.

Por todo isto, *El eco de Galicia* abriu camiños, que seguen tendo vixencia, de cara a unha eficaz publicación periódica nunha comunidade de emigrantes⁸.

Temas e autores

Dentro da heteroxeneidade desta prensa, e as circunstancias históricas nas que se desenvolveu ó longo dun século, hai unhas constantes temáticas que a definen. Por unha banda, a obra das institucións galegas de Cuba, co seu teimoso facer, presidido pola solidariedade, que se traduce en axudas diversas, creación de sanatorios e de colexios nocturnos, repatriación de paisanos sen recursos... E pola outra, ese vivir arreo de cara á Galicia orixinaria, publicando noticias das catro provincias, rexistrando angueiras e triunfos colectivos, seguindo o derroteiro político do país, cuxo pobo loita por se liberar da opresión social e por acadar a propia identidade, da que vai tomando conciencia co decorrer do tempo e dos feitos.

Dito en poucas palabras, é unha prensa popular e por veces rebelde; unha prensa non burguesa (salvo cativas e pasaxeiras excepcións). Nisto responde perfectamente á tónica ideolóxica que predomina nos emigrados, os cales, na súa maioría, deixan de ir á misa cando cruzan o mar, militan nos sindicatos obreiros, e financian a creación de centos de escolas, no país natal, cunha premisa invariable: o ensino laico.

Mais, que homes escribían nestas revistas e periódicos? Poucos foron á Universidade. Poucos, moi poucos, eran periodistas profesionais, pero traballaban con tal afouteza e con tal arela de comunicación, que lograron, en moitos casos, unha prensa exemplar.

⁸ Na habaneira rúa de O'Reilly (Nº 458) aínda existe a casa onde estivo a redacción e a administración desta revista.

Algúns destes homes chegaron a Cuba analfabetos, ou semianalfabetos. Estudaban polas noites case sempre en colexios creados por eles mesmos, como o do Centro Galego da Habana, despois dunha xornada de traballo de doce ou máis horas. Co tempo publicaban artigos, contos, poesías no idioma oficial aprendido e na lingua galega da súa infancia⁹. Esta situación posibilitaba que arribasen á palabra escrita, ó mundo da cultura, cunha toma de conciencia de si e do país de orixe, co que asumían un compromiso perpetuo e múltiple. Por iso, ó tempo que se integraban de cheo na vida cubana, estaban ó día no acontecer de Galicia.

Ademais, había un entendemento froitífero entre os homes dunha e outra banda do mar. Pode verse ó longo do tempo na mellor prensa galega de Cuba. Os nomes dos principais colaboradores aparecen na ficha de cada publicación, e, para citar algúns, digamos que van dende Murguía a Castelao. Outros houbo que logo de residiren aquí regresaron a Galicia, e foron constantes e eficacísimos correspondentes, pois daban unha visión moi clara de todo acontecer, moi axeitada ós degoros e inquedanzas dos que seguían na Illa. Os nomes dalgúns deles son ben coñecidos: Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Manuel Lugo Freire, Roberto Blanco Torres, Ramón Armada Teijeiro, Luís Otero Pimentel...

Presenza da lingua galega

Como se sinala na ficha correspondente a *El Eco de Galicia*, cónstanos que o primeiro que se publica en galego na nosa prensa de Cuba é a parte dedicada a Rosa de Corcoesto, do libro *Rumores de los Pinos*, de Eduardo Pondal¹⁰. A lingua galega está presente

⁹ O caso de Fuco Gómez non é único. (Fuco, un rapaz de Becerreá, emigrou a Cuba analfabeto. Morreu vello hai algúns anos. Fundou e dirixiu *Patria galega*, e publicou varios libros, de contido diverso, en galego e en castelán).

¹⁰ Aparece no número 1 da revista, do día 8-3-1878.

arreo. Amais de Pondal aparecen moi seguido poesías de Rosalía, Añón, Lamas, Curros... Logo virán os traballos en prosa. A presenza do galego escrito é moi significativa para os emigrantes. Na maioría dos casos, o único vencello espiritual coa terra de nacemento é a fala; o máis sólido e auténtico, aínda que careza de prestixio social e teña sido, máis dunha vez, causa de humillacións. Se esa fala aparecía agora en letra de molde, portando sentimentos e ideas “comprensibles”, tiña de ser, por forza, moi ben acollida¹¹.

Unha sinxela análise das publicacións recensionadas no presente libro dános este resultado:

Escritas totalmente en galego	3
Bilingües ¹²	47
Escritas totalmente en castelán	15
Con mínima presenza do galego	2
Sen comprobar	4
Total	71

Pero os números non abundan. Cómpre engadir algunhas precisións. O peso esencial da prensa galega de Cuba áchase nas corenta e sete publicacións bilingües. E non soamente por esta cifra, senón porque as máis delas tiveron longa duración e un contido que canxaba cos intereses maioritarios. As quince escritas totalmente en castelán, á parte de teren escasa tirada e curta vida, corresponden case todas a agrupacións ou partidos de oposición do Centro Galego da Habana. Son, por exemplo, *Faro gallego*, *El galiciano*, *La voz gallega*...¹³.

Das tres publicacións escritas en galego, dúas delas *Nós* e *Terra gallega* corresponden á etapa nacionalista dos anos vinte, e

¹¹ Antes de 1878 xa circulaban na Habana *Cantares gallegos*, de Rosalía, e *Espiñas, follas e froes*, de Lamas Carvajal, entre outras obras, grazas á xestión de Alexandre Chao, propietario de “La propaganda literaria”, como levamos dito.

¹² Ou sexa que insiren traballos en castelán e en galego, indistintamente.

¹³ Curioso resultaba o caso de *La voz de Galicia* (editada polo andarego Juan G. Montenegro, en 1892), que prescinde do idioma galego pese a que se chama “regionalista”.

aínda que duraron pouco, reflicten o pensamento radical dunha época, no ámbito da emigración.

Mención á parte merece *A gaita gallega*, cuxo primeiro número saíu o 5 de xullo de 1885. É a primeira publicación, escrita totalmente en lingua galega, editada polos emigrantes. O feito é moi significativo, e débese a dous utilizadores conscientes do noso idioma: Ramón Armada Teijeiro (autor dunha peza teatral que tamén foi precursora: *Non máis emigración*), e Manuel Lugrís Freire (que en Betanzos, en 1907, faría o que ningún fixera antes: falou en galego nun mitin agrario).

Á parte das narracións e poesías escritas na nosa lingua, de autores residentes en Galicia, van aparecendo na prensa galega de Cuba traballos calzados cuns nomes que xurdiron na emigración. *Airiños da miña terra*, en 1909, invita a mocidade emigrada para que colabore mandando traballos *preferentemente* escritos na nosa lingua. Un ano antes, a revista *Santos e meigas* convocara un estimulante concurso de contos en galego. Algún día terase que valorar todo este facer poético, narrativo, periodístico; teranse que analizar os temas, o léxico, as posibles variacións sintácticas, e as influencias de cubanismos e americanismos... Cómpre que os lingüistas vaian pensando nesta posibilidade. E tamén os estudosos da evolución literaria do noso país. É un campo virxe e atraente.

Sen contar denominacións igualmente válidas para ambos os idiomas, temos que os nomes de trece destas revistas están en galego; e que a palabra Galicia aparece en catorce títulos; e que unha se chama *Rosalía* e outra *Curros Enríquez*; e que tres delas están rotuladas con nomes de obras clásicas da literatura galega: *A gaita gallega*, *Follas Novas* e *Aires da miña Terra*. Non é pouco.

Simbiose cultural

Pasando as follas destas publicacións decatámonos axiña da comunión de intereses e das afinidades entre os galegos dunha e outra orela. Coma se o ancho mar non existise. En Galicia préstase moita atención a canto se fai en Cuba; agárdase sempre dos emigrantes un xesto altruísta, unha declaración que lle boure entre

os cornos a algún corrupto ou desleigado. Agárdase, porque se vén dando. O emigrante logrou ceifarse do atafego que o mancaba; está aberto a outros horizontes, ó ir e vir das ideas que circulan no mundo. Afíxose a loitar, a tirar cara a diante vencendo os atrancos de cada día. Nada ten que perder no eido que deixou. E sente a obriga de transmitir o que foi aprendendo, de abrir os ollos dos veciños que alá quedaron, de bacotear conciencias, e de crebar seculares rutinas. É, en termos xerais, un xeito de librepensador-ateo-anarquista, que se nunha desas volta á aldea natal fai persignar as beatas e esperta nos demais unha admiración fonda, aínda que rara vez expresada.

Ó longo de moitos anos, en Galicia vívese, en non pequena medida, á conta do que poida chegar de Cuba: unha escola, un camiño, unha fonte... Pero con esas tanxibles realidades chegan, poñamos por caso, as bases para un sindicato, o proxecto dun cemiterio civil, e tamén o vezo do café, as décimas do *punto guajiro*, sombreiros de guano, “guayaberas”, contos e ditos de orixe mandinga... E o reflexo de Cuba é tal, que bandas de música e conxuntos de gaiteiros tocan rumbas, congas, habaneras e danzóns nas foliadas. E nenos de centos de escolas, cantan o Himno Nacional Cubano, *Al combate corred bayameses / que la patria os contempla orgullosa...*, unha vez na semana, dende os primeiros anos deste século XX.

E xa que de prensa falamos, xusto é mencionar *El emigrado*, periódico decenal bilingüe, que se editou varios anos na Estrada, a partir de 1920, como “*órgano de las sociedades de emigrados y de agricultores*”. Nel aparecían, á beira de noticias locais, as que se recibían da Illa. Tiña unha sección titulada “Postales habaneras” e outra “De Cuba”¹⁴.

Á inversa, canto acontece na Galicia territorial ten repercusión na prensa galega de Cuba. Alá polo ano 1910 editáanse na Habana, simultaneamente, unhas doce ou trece publicacións galegas, e todas elas inclúen informacións chegadas de Galicia. En veces

¹⁴ *El emigrado* disque estaba dirixido (aínda que na cabeceira dos números que vimos non se menciona o seu nome) por Manuel García Barros, mestre exemplar e narrador en galego, que publicou nas páxinas deste decenario os seus *Contiños da terra*. En veces utilizaba o pseudónimo de “Ken Keirades”. É tamén autor da novela *Aventuras de Alberte Quiñoi*.

trátase de noticias de arrombo, que aledan ou encabuxan ós emigrantes, de xeito colectivo, e outras son cativos sucesos locais de interese soamente para uns poucos lectores. Un ancho diapasón que vai conformando día a día o devir do país. Dito doutra maneira: lendo estas revistas pódese elaborar polo miúdo unha longa crónica do acontecer galego. E non sería aventurado dicir que, de conxunto, os galegos de Cuba estaban acaso mellor informados que os da propia Galicia.

A prensa galega de Cuba, ademais, procura e logra un achegamento das dúas Galicias. Inquedanzas e propósitos comúns, situacións políticas, toma de conciencia do ser histórico do país de orixe (máis por intuición que por teoría aprendida), todo vai confluíndo de cara a unha afirmación de pobo diferenciado que andexo ou sedentario está aí, existe, é un mesmo. E a saudade, ou como se chame, vai e vén por múltiples abirtas. Así é como os paisanos que sosteñen esta prensa tamén promoven con ela o comercio de produtos galegos, principalmente os que a lembranza asocia co padal: viños, augardentes, xamóns, polbo... que se vendían na Habana coma en calquera cidade galega¹⁵.

Porque entre outras virtudes, que non é do caso debullar agora, os galegos cando emigran non rabenan o cordón umbilical que os vencella á Terra-Nai¹⁶. Saben, ou intúen —cando menos iso era o que ocorría cos máis dos que ían a América— que non volverían ó recanto nativo (a proba é que ergueron ducias de panteóns nos países que os acolleron), pero iso non quere dicir que se desentendan del. O namoro é de por vida, e ademais é un amor limpo e sincero; un amor que se dá sen agardar comenencia ou reciprocidade ningunha. Saben, e agariman caladamente esa idea, que teñen as raíces nun lugarexo amado. Unhas úbedas raíces que non se murchan nunca. Iso dálles forzas. Dálle sentido ó seu vivir. E inda máis: cúraos en saúde desa doenza chamada alleamento. Permítelles ó mesmo tempo integrarse de cheo, no país que (eles ou o destino) escolleron. Todo isto que vimos de encamiñar polo atallo está moi ben reflectido na prensa galega de Cuba.

¹⁵ Con Eduardo Blanco Amor temos falado, en Buenos Aires, da “morriña gastronómica”.

¹⁶ Castelao e Rof Carballo analizaron isto con fondura.

Dinamismo político

Se todo canto ocorre en Galicia, de certa significación, está presente na prensa galega de Cuba, é obvio que tiñan que estar tamén os aconteceres políticos. Están, naturalmente, os abondosos contratempos e as cativas boaventuras que o Estado español coa axudiña de moitos indíxenas con poder, xusto é dicilo, lle fornece ó noso magoado país. Todo está tratado con lúcida análise por homes que amais de non teren nada que perder, como levamos dito (o que lles permite unha rigorosa obxectividade) son, de certa maneira, polo feito mesmo de estaren fóra, vítimas dos crónicos desacertos políticos que atura Galicia.

Mais queremos referirnos, principalmente (e sen nos arredar do arriba expresado, que todo anda en mestura) á específica evolución política galega; ós desacougos e ás loitas que se veñen sucedendo dende hai un longo século.

Xa levamos dito que a prensa galega de Cuba é, esencialmente, unha prensa progresista, popular, non burguesa. Se unimos tal premisa á súa característica sensibilidade para todo o que se refire á Galicia territorial, ben doado resulta decatarse da resonancia que tiveron na Illa os feitos que marcan a nosa andaina política de cara a unha xustiza social verdadeira, inserta nunha identidade nacional, todo isto dito, xa se sabe, de présa e con palabras de hoxe. Cómpre, por tanto, achegarnos coidadosamente ós matices semánticos e ideolóxicos de cada época. Xa existe unha periodización, máis ou menos convencional, da nosa historia contemporánea, e dela partimos para esta breve reseña.

Cando, en 1878, aparece en Cuba a prensa galega, quedan ben atrás feitos como o que derivou nos fusilamentos de Carral (1846), o Banquete democrático de Conxo (1856), e tamén a publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía (1863). Estamos, pois, na etapa *federalista*. Virá moi logo o *Rexionalismo*. Este movemento vai ter amplo eco en toda a prensa galega da Illa, que dá a coñecer traballos dos seus máis ardidos militantes, dunha e outra banda do mar¹⁷. O mesmo ocorre co *agrарismo* dos

¹⁷ Publicanse moi seguido artigos de Alfredo Brañas, Galo Salinas, Cabeza de León... Na Habana editase o polémico folleto *El Regionalismo gallego*, de

primeiros anos do século XX. A orixe labrega da maior parte dos emigrantes determina a paixón colectiva que este movemento esperta aquí; nos anos que precederon a Primeira Guerra Mundial, era tema cotián nesta prensa¹⁸. Tamén repercutiron na prensa galega de Cuba a creación das *Irmandades da Fala*, en 1916¹⁹, e a obra da chamada *Xeración Nós*. E cando en Galicia comeza a definirse o *nacionalismo*, os emigrados en Cuba fundan a *Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana*, e editan o periódico *Nós* e logo *Terra gallega*. Sosteenen o mesmo ideario, e dáse o caso curioso de que en 1921 un ano antes de que o faga en Galicia *A nosa Terra*, a segunda das publicacións citadas divulga o coñecido “Decálogo do nazonalismo galego”²⁰.

Resumindo, esta prensa deu testemuño dos feitos históricos protagonizados polo pobo galego; denunciou toda inxustiza e toda arbitrariedade; combateu os abusos da administración e do clero; organizou campañas en contra dos foros, das cangas fiscais, do caciquismo. E estivo sempre na primeira liña dos movementos políticos que se foron radicalizando, co andar do tempo, no noso país.

As Memorias

Tras de pescudas definidoras con algúns amigos especialistas en bibliotecografía, chegamos ó coñecemento inequívoco de que toda publicación regular, calquera que sexa a súa frecuencia de saída, é *periodismo*. Polo tanto, neste concepto caben as Memorias,

Murguía. O traslado dos restos de Rosalía a San Domingos de Bonaval (feito que promoveron os rexionalistas, motivou unha sonada colecta popular en Cuba.

¹⁸ Basilio Álvarez chegou á Habana o ano 1912. Foi calorosamente acollido, e aquí publicou o libro *Abriendo el surco*. Xa en 1910 se fundara na capital cubana o semanario *Acción gallega*.

¹⁹ O seu principal animador, Antón Villar Ponte, regresara de Cuba catro anos antes. (Na Habana fundara, en 1910, *Alma gallega*).

²⁰ Antes, en xullo de 1920, xa a revista habaneira *Galicia* publicara un número extraordinario, de neto contido nacionalista, no que colaboraron figuras claves deste movemento. Outros emigrantes do Estado español sostiñan en Cuba publicacións que afirmaban a identidade nacional respectiva. En 1923, por exemplo, comezou a editarse a revista canaria *El guanche*.

editadas polas institucións galegas de Cuba, que alá polos anos vinte eran á beira dun cento.

As máis destas Memorias saían anualmente, pero, nalgúns casos, as sociedades pequenas publicábanas cada dous ou cada cinco ou máis anos. Salvo algunha cita ocasional, ou algunha poesía de recheo, os textos destas publicacións estaban escritos, invariablemente, en castelán. Deducimos que tal ocorría por seren materiais que á parte de se destinaren ós socios ían ás autoridades e institucións diversas de Cuba, aínda que tamén puidera ser debido á mentalidade da maioría dos directivos (progresistas, case sempre, nas ideas xerais, e no teimoso e nobre propósito, por exemplo, de fundar escolas en Galicia, pero atados á lingua de Castela, que considerarían máis “seria” para tal mester). É certo, por outra banda, que nelas inserían acotío actas, resolucións, balances financeiros, etc., e todo isto proviña de xuntas e asembleas ás que concorrían para sosegar eventuais liortas axentes da orde pública, e era comprensible o emprego, en debates e documentos, da lingua oficial do país.

As Memorias estaban editadas en forma de folleto ou libro, impresas en bo papel, con axeitado deseño que incluía fotografías de personalidades e de actos patrocinados pola institución, e de escolas, panteóns... A extensión era moi variable. As que temos consultado andan entre 45 e 250 páxinas. Pola erudición sobre temas comarcais, o axeitado enfoque das crónicas e o estilo dos textos, é doado supoñer que as sociedades que non contasen con algún membro apto pra este traballo, de seguro llo encargarian a un paisano con profesionalidade²¹.

O contido era diverso, pero había sempre uns temas obrigados, comúns a todo resumo de tarefas. Era unha rendición de contas, un informe polo miúdo sobre da xestión levada a cabo nun período anual ou bienal, por exemplo; unha reseña transparente, detallada, de todo o acontecido, pois calquera ambigüidade ou imprecisión puidera orixinar reclamos dos socios e/ou dos grupos

²¹ Sabemos, por exemplo, que o periodista Adolfo V. Calveiro (o mesmo que fundou e dirixiu *Cultura gallega*) se ocupou da redacción dalgunhas destas Memorias.

opositores, cando os había²². Acordos das xuntas, movemento de asociados, labor benéfico e cultural, relacións con outras entidades, estado económico, presupostos... E tamén artigos de contido histórico, xeográfico, folclórico, e biografías de homes ilustres nados na comarca que daba nome á sociedade.

Levamos dito que, intentos e “prehistoria” á parte, a primeira publicación galega de Cuba foi *El Eco de Galicia*. En realidade, con esta valoración das Memorias teríamos que recuar cinco anos e remitirnos á que editou a xa citada Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, o 19 de xaneiro de 1873²³. Sinalámolo como feito *histórico*, mais, dada a súa peculiaridade, seguimos mantendo como decano o semanario de Waldo Álvarez Ínsua.

Pasando as follas daquela primeira Memoria (de só vinte páxinas), da máis antiga asociación de emigrantes galegos, vemos que se refire á xuntanza inicial, do 31-12-1871, celebrada no Teatro Albisu, que puxo en marcha a idea da entidade; a creación e desenvolvemento da mesma ó longo de 1872; as axudas ou socorros brindados; a incorporación de novos socios; as actividades xerais de carácter benéfico; o vencello coa asociación homónima dos cataláns; os regulamentos establecidos; as designacións de comisións nalgunhas provincias de Cuba...

Obviamente, todo isto é periodismo, ou sexa que, en rigor, ás publicacións que reseñamos neste libro habería que engadir case un cento máis. Non o facemos porque resultaría moi monótono repetir arreo a palabra “memoria”, con sumarios moi semellantes entre unhas e outras, e entre unha e outra edición da mesma sociedade. Limitámonos, pois, a consignar a súa significación.

Outras formas de periodismo

Amais das publicacións periódicas e das Memorias, había outros papeis, outras formas impresas de comunicación que ben poden encaixar nisto que vimos chamando periodismo. Velaquí algunhas delas:

²² As institucións galegas de América foron, case sempre, modelos de democracia.

²³ Seguiuse publicando regularmente até non hai moitos anos.

- Boletíns, de poucas páxinas, variado feitío e saída irregular (tanto que, en veces, vían a luz un ou dous números por todo), que publicaban con moito esforzo, algunhas sociedades pequenas²⁴.
- Álbumes que tiñan por costume editar certas entidades, unha soa vez ou en períodos que podían abarcar até quince ou vinte anos. Diferenciábanse das Memorias en que só aparecían por excepción, e tamén polo feito de que non reseñaban acordos das xuntas, nin balances, nin movementos de asociados. Limitábanse a unha breve historia da sociedade, composición da súa directiva, e información gráfica detallada das instalacións e dos servizos que ofrecía. (Publicaban Álbumes, sobre todo, as institucións que tiñan sanatorios, comunmente chamados “quintas”). Estaban impresos en bo papel, encadernados en forma de libro, e alcanzaban unha extensión media de entre 40 e 80 páxinas.
- Programas de festas, nos que se incluían, á parte da propaganda específica, poesías en galego (de Rosalía, Curros, Lamas...), algunha nota referida á historia, xeografía e costumes da comarca, e pouco máis. A maioría do espazo ocupábano os anuncios comerciais cos que se financiaba a edición, e inda viña quedando algún remanente a favor da sociedade patrocinadora²⁵.
- Follas soltas de contido diverso: propaganda electoral das institucións benéficas; denuncias de supostas

²⁴ Neste traballo incluimos dúas publicacións cuxo título comeza coa palabra *Boletín*. Aclaramos: o da Asemblea de Apoderados do Centro Galego, chámase así pero é algo moi diferente, en contido e periodicidade. O que si responde ás características ditas é o da sociedade “Unión Mugardesa”. Incluíuse deliberadamente como mostra que permite ilustrar canto vimos explicando. Fóra queda tamén deste apartado *La voz del alumno*, por tratarse dunha publicación de estudantes.

²⁵ A festa anual dalgunha sociedade, con data e denominación traídas da comarca orixinaria. En Cuba non tiñan a menor connotación relixiosa; eran, case sempre, polbadas, roscas e bailes nos xardíns da cervexería La Polar. Era célebre a denominada “Un día na eira do trigo” paráfrase da canción de Curros e Salgado, da Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia.

inmoralidades administrativas nalgunhas delas; campañas antiforais e anticaciquís; divulgación de ideas nacionalistas²⁶, etcétera.

Colofón

É sabido que son poucos os proxectos que madurecen por xeración espontánea. E cando tal ocorre hai que desconfiar un algo, pois aínda as cousas ben matizadas non sempre resultan ben á hora de lles dar feitío.

A idea do presente libro tivo o seu proceso, o seu levedamento. De certa maneira comezou en Buenos Aires, vai para vinte e cinco anos, cando iamos de porta en porta xuntando materiais para montar aquela primeira (e única) exposición do periodismo galego na Arxentina, levando e traendo polas rúas porteñas (en trolebús, en “subte” ou a pé), vellas revistas que eran algo así como a crónica resumida dos desacougos e inquedanzas dun pobo andarego que endexamais estivo disposto a esluírse nos camiños. Pasamos logo a Cuba; creamos, en 1969, a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, botámonos a xuntar papeis e a sistematizar algunhas investigacións claves; e catro anos despois, organizabamos a primeira exposición do periodismo galego na Illa. Disto xa levamos falado.

Se traballo nos dera a mostra periodística de Buenos Aires, moito máis deu a da Habana, en razón do seu volume e de seren, en xeral, publicacións máis antigas. Vendo xuntas estas coleccións e sabendo que inda quedaban outras por localizar, foi que planeamos por consideralo de interese para Galicia e para Cuba facer unha reseña individualizada de todas elas. Pero o tempo foi pasando, e o proxecto non saíu de tal. Mentres, dedicámonos a

²⁶ Amais dos envíos masivos por correo, estas follas soltas eran xeralmente entregadas en man en lugares a onde concorrian galegos: Centro Galego, Hijas de Galicia, Sanatorio La Benéfica, sanatorio Concepción Arenal, Centro de Dependientes, xardíns da cervexería La Polar... As que emitía a Xuntanza Nazionalista Galega d’Habana estaban escritas en galego, e tennos dito Fuco Gómez que se valían de tres ou catro rapaces para espaxelas. En veces, a partir de denuncias, os rapaces eran detidos “por difundir propaganda subversiva”.

elaborar índices temáticos das tres ou catro revistas máis importantes. E cando nos mergullamos na procura de datos pra un libro sobre Castelao²⁷, calibrando outra vez a significación da nosa prensa neste país, asumimos o compromiso de levar adiante este complexo traballo, que tivo as seguintes etapas:

1. Busca e precatalogación das publicacións galegas de Cuba²⁸. Tiñamos noticia de pouco máis de trinta títulos. Consultamos, pois, diversos arquivos e bibliotecas públicas; visitamos sociedades de emigrantes; puxemos avisos na prensa da Habana; procuramos a exdirixentes da colectividade galega e a fillos e netos de compatriotas vencellados á nosa prensa (valéndonos, por veces, até da guía telefónica, na que colliamos apelidos ó chou); mantivemos correspondencia con historiadores dalgunhas cidades do interior de Cuba, e con persoas e institucións do estranxeiro²⁹. O labor foi traballoso, pero froitífero³⁰.

2. Manexo das coleccións, folla a folla, anotando nomes, datas, contido xeral, intereses, lingua, ideoloxía... Tiñamos de afondar na presenza e na esencia de cada publicación, para que resultase válido o propósito do presente libro. Este repaso polo miúdo levámolo a cabo paseniñamente, con ledicia e sen excluír revistas como *Suevia*, *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna*, e algunhas outras, das que xa fixeramos os respectivos índices. Non nos abundaba con esa fonte, con ese adianto. Tiñamos necesidade de “peitear” tamén estas páxinas para que nada fundamental quedase fóra³¹.

²⁷ *Castelao en Cuba*, Edicións do Castro, Sada, 1983.

²⁸ Os traballos en xeral sobre a historia da prensa no país, son cativos. E en canto á prensa galega, soamente contabamos co antecedente duns breves artigos de Ramón Marcote e de Adolfo V. Calveiro, de escaso valemto: moi incompletos e con non poucos erros de nomes e datas. Calquera destes autores puido facer un traballo de máis rigor, pero vese que lle non deron importancia ó tema.

²⁹ Por exemplo, algúns exemplares de *Loita* conseguímolos en México.

³⁰ Froitífero tamén porque moitos materiais facilitados por entidades e persoas convertéronse finalmente en doazóns e arrequentaron a hemeroteca da Sección Galega do I.L.L.

³¹ Hai algunhas publicacións das que non puidemos conseguir exemplares. Neses casos van os datos mínimos atopados.

3. Elaboración do traballo que agora presentamos. A parte principal está constituída polos artigos referidos a cada unha das 71 publicacións periódicas catalogadas. Tratamos de resumir canto se puido, a partir da extensa información recollida. Boa parte destas fichas pasaron por dous ou tres cribos, refixémolas unha vez e outra, na procura de síntese e tamén para dar un texto preciso e unhas proporcións axeitadas ó valemto real de cada publicación.

De primeiras comezamos a notar medidas de páxina e de “mancha” de impresión, características tipográficas, tipos de papel e outros datos. Logo, pareceunos reiterativo e de escaso interese para o lector potencial, e soamente nos referimos a algunhas destas especificacións en casos moi concretos e xustificados. Salvo algunha ocasional referencia, tampouco se consignan as imprentas. En canto ó lugar de publicación convén aclarar que agás *El avisador galaico*, editado en Cienfuegos, e *Rosalía*, en Santiago de Cuba, os títulos restantes viron a luz na Habana.

Van dous apéndices: o primeiro contén unha información mínima sobre a presenza en Cuba dalgúns dos homes que fixeron posible esta prensa. A nómina é apertada, pois abrangue soamente os casos que nos pareceron menos coñecidos. O segundo apéndice é gráfico. Considerámolo de interese como testemuño documental e tamén dende o punto de vista plástico.

É posible que abusemos un algo dando nomes de colaboradores, pero quixemos facelo así para que se poida ver o vencello entre persoas e revistas ó longo de tantos anos; pode, en veces, resultar sintomático unha presenza, unha actitude, para valorar aspectos do noso decorrer histórico.

Estamos convencidos de que a recuperación e consolidación da nosa identidade como pobo, para dicilo dun saque, non pode ser soamente un proxecto dos homes e das institucións da Galicia territorial. Temos, por desgraza, unha secular “quinta provincia”; unha provincia transterrada moi vital. Houbo e hai galegos no mundo enteiro, dende Alasca á Patagonia, e dende México a Australia. Galegos que lograron conciliar a súa integración no lugar de destino coa lembranza activa da terra onde naceron, e sería suicida non contar con eles á hora de facer inventario.

O capítulo que esta vez nos ocupa, é certamente singular. Que saibamos, non houbo en país ningún, nin en época ningunha, colectividade de emigrantes que tivese prensa tan abondosa e importante como a dos galegos de Cuba. Un feito así non pode ser descoñecido. Forma parte da historia de Galicia.

Co presente traballo queremos achegar, pois, modestamente, unha muxica ó fogar común; queremos incorporar esta noticia ó renque dos feitos que conforman a andaina do pobo galego.

Xosé Neira Vilas

A Habana (Cuba), agosto de 1984

RESEÑA DE PUBLICACIONES

1. ACCIÓN GALLEGA

Semanario bilingüe de curta vida, que editou na Habana un grupo de entusiastas seguidores de Basilio Álvarez³². Saíron uns poucos números, o ano 1910.

2. AIRES DA MIÑA TERRA

Boletín da Sociedade do mesmo nome³³, inspirado no libro homónimo de Curros Enríquez³⁴. Estaba dirixido por José Novo García, e administrábao Delmiro Vieites. Comezou a publicarse en xullo de 1892³⁵. Era un breve tabloide de catro páxinas, mensual e bilingüe.

No único número que chegou ás nosas mans, vimos que a Sociedade que o editaba se atopaba moi ocupada coa montaxe na Habana dunha “Exposición de obras artísticas, literarias e industriais”, de Galicia, con motivo do 4º centenario do Descubrimento de América.

Amais de informacións sobre chegada e saída de vapores, comunicados da Cámara de Comercio e noticias de Galicia, aparece un artigo sobre estudos económicos, de Manuel Lugrís Freire; outro de César Fernández Daro, referido á carabela

³² En 1919, unha revista co mesmo nome comezou a publicarse en Buenos Aires. É evidente que ambas estaban inspiradas no movemento reivindicador dos labregos galegos, encabezado por este popular axitador agrario. Ese movemento tivo moi sensible acollida entre os emigrantes.

³³ Pequena entidade mutual e benéfica. En 1892 tiña tres médicos e dous dentistas.

³⁴ O poeta vivía daquela en Madrid, era presidente honorario da institución e mantiña correspondencia coa directiva da mesma.

³⁵ En maio de 1910 comezaría a saír en Buenos Aires unha publicación co mesmo nome, en homenaxe a Curros Enríquez, quen morrera na Habana dous anos antes.

Santa María; un traballo arredor das pequenas industrias, de Eduardo Potts; respostas a diversas cartas recibidas de Galicia e do interior de Cuba.

Na ringleira de colaboradores aparecen entre outros, os ilustres nomes de Curros Enríquez, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Concepción Arenal, Manuel Lugo Freire, Álvaro de La Iglesia, Enrique Novo.

3. AIRIÑOS DA MIÑA TERRA

Revista decenal bilingüe, ilustrada, que se di “*consagrada a la propagación de la literatura gallega y órgano de los gallegos emigrados en América Latina*”. Comezou a publicarse o 10 de maio de 1909. Non se consigna nome ningún en canto a dirección e administración, como era usual; soamente se di na cabeceira: “*La correspondencia al Director, Compostela esquina Amargura*” (Habana). Sabemos que un dos redactores era Juan Vicente Martínez Quelle, que fundaría catro anos máis tarde *Labor gallega*. Tamén integraba o equipo editor o debuxante Luis Covisa.

Nunha nota inicial saúda “*a cuantos se interesen por el enriquecimiento y prosperidad de la tierra gallega, nuestra amada patria, a la que consagraremos todos nuestros esfuerzos y todas nuestras energías en aras del acariciado ideal redentor*”. Á mocidade galega emigrada invítana a colaborar e dinlle que nas páxinas da revista lles darán cabida “*a todos aquellos trabajos que ameriten ser publicados, estimulando de ese modo a la juventud gallega, estudiosa y amante de las letras patrias*”.

Inclúense biografías de personalidades galegas: Fr. Martín Sarmiento, Pastor Díaz, Francisco Añón, Méndez Núñez, Maximino Ramos, Juan de Pallares... Hai unha ampla sección na que se recollen noticias de Galicia, entre elas a da morte de cinco homes e dúas mulleres no mosteiro de Oseira, pola intransixencia do bispo ourensán, que en contra da opinión dos veciños teimaba no derribo dun baldaquino³⁶.

³⁶ Este crime tivo moito eco na Habana, onde se deron mitins de protesta e se creou unha comisión de axuda ás vítimas, integrada, entre outros, por A. Villar Ponte e Martínez Quelle.

En castelán publícanse diversos artigos, un conto de Emilia Pardo Bazán, e poesías de Salvador Rueda, Eusebio Asquerino, Sofía Casanova, Benito Vicetto e outros.

Abundan os traballos en galego. Cantigas e contos populares; poesías de Añón, Pondal, Xenaro Mariñas, M. Novo Costoya, Luis Pardo, Emilio Martínez; narracións de Labarta Pose, Ricardo Carballal, Álvaro Dios Villar, Manuel Vidal, Xesús R. López e Manuel Carrillo. Destaca o feito dabondo inusual da presenza de cartas que lle mandan ó director, en galego, e a invitación, xa mencionada, para que os mozos fagan chegar colaboracións á revista, preferentemente escritas na nosa lingua.

Algunhas notas, relacionadas xeralmente con polémicas locais, están asinadas cos pseudónimos de Ruso, Tanito, Fuquiño.

4. ALBORADA, LA

Revista mensual ilustrada, bilingüe, “*órgano de la colonia gallega en Cuba*”. Comezou a publicarse o mes de nadal de 1911. Director: Fray Roblanto³⁷.

Trátase dunha publicación de formato grande, impresa en papel semicromado, de deseño e tipografía ben coidados. Ideoloxicamente non se embandeira en tendencia ningunha; soamente procura a exaltación de Galicia.

“Vida gallega” e “Regionales” son dúas seccións fixas. A primeira recolle os labores das sociedades galegas de Cuba; e na segunda insírense noticias chegadas da Galicia territorial.

Abundan as fotografías de paisaxes e monumentos galegos, e a descrición de comarcas e lugares históricos do noso país. Tamén se inclúen biografías de compatriotas ilustres; información sobre o directorio médico e a Caixa de Aforros do Centro Galego; notas bibliográficas, literatura, folclore.

A edición do 3 de marzo de 1912 está dedicada ó 4º aniversario da morte de Curros Enríquez. Hai traballos en prosa e en verso. Colaboran: J.N. Aramburu, J. Gil del Real, Abdón Rodríguez Santos, Roberto Blanco Torres, M. Rodríguez Rendueles,

³⁷ Pseudónimo de Roberto Blanco Torres.

José Lesta Meis, Ramón Carballal, Salvador Rueda, e reproducense varias poesías do bardo de Celanova, entre elas o soneto, en castelán, “A Andrés Muruais, muerto”, que se inclúe na portada.

Amais dos nomes citados, nas páxinas da revista aparecen traballos diversos asinados por Valle Inclán, Cirilo de Crespo, Eloy Villalibre, Guillermo Cedrón, Vicente Otero Cao, Constantino Horta, S. T. Solloso, Antonio Rey Soto, Manuel Murguía... E en galego, unha sección de contido misceláneo (“Contos e lerías”), e narracións de L. Bourade e R. Rivero, así como poesías de Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Manuel Núñez González, A. de Nóvoa, José A. Seara, Leopoldo Pedreira, J. Rigueira Montero.

5. ALMA GALLEGA

Revista mensual, bilingüe, de breve andaina, fundada e dirixida por Antón Villar Ponte. Publicouse en 1910.

6. ALMA GALLEGA

Revista semanal, escrita en castelán, que se autodesigna “*Órgano radical de las aspiraciones de la Región*”. Estaba dirixida por Luis E. Rey, periodista e pedicuro, que rexía un salón quiropédico na habaneira rúa de Neptuno, ó tempo que batallaba no ámbito das institucións galegas da emigración³⁸.

Esta publicación, da que saíron só uns cantos números, comezou a publicarse o 6 de xaneiro de 1917.

Recole versos de Salvador Rueda, Alfonso Camín, E. Mal de Vizoso, José M. Calveiro, en xeral poesía amatoria intranscendente, que contrasta coa barileza dalgúns artigos, como o referido á emigración feminina a Cuba e a falla de orientación e encamiñamento da muller galega emigrada.

Aparecen traballos de temática diversa, que van dende o ir e vir das cinzas de Colón ata os éxitos do mestre Chané. Destaca

³⁸ O ano 1908, Luis E. Rey fundara tamén a revista *A Terriña*.

un de Abdón Rodríguez Santos, sobre os problemas dos emigrantes, no que propón que sexan atendidos “*según las fructuosas enseñanzas de la moderna sociología, para establecer, cuando se pueda, cajas de préstamo para obreros, asociaciones de mutualidad, cajas de resistencia contra paros forzosos...*”. Por outra banda, os representantes de varias asociacións ourensás fan nestas páxinas repetidos chamados de solidariedade cos labregos de Irixo (Carballiño), vítimas do caciquismo³⁹.

ALMA GALLEGA é, en xeral, favorable á acción do Centro Galego, e divulga as actividades do mesmo. Fanse críticas ós que promoven divisións entre os emigrantes, pero sen dar nomes de grupos ou persoas. Mantén unha interesante correspondencia dende as súas páxinas con paisanos radicados en diversas partes da Illa.

7. ALMA GALLEGA

Revista mensual, bilingüe, “*defensora del prestigio y de los derechos de los gallegos residentes en Cuba*”. Comezou a publicarse en nadal de 1939. Director: Luis Reynante Losada.

Era o órgano informativo do partido Unión Progresista Gallega, pro Centro Galego⁴⁰.

Denuncia a conduta dos directivos do Centro, e en primeiro lugar a do seu presidente, Cayetano García Lago, de tendencia falanxista⁴¹. Acúsaos de malversadores, ineptos, aduaneiros que cometen abuso de poder. A través da sección “Fouciñazos” criticase a xestión administrativa do sanatorio.

³⁹ Orixináranse alí incidentes polo reparto do consumo. A prensa galega da Habana ocupouse disto con amplitude. Os chamados eran “contra los gobiernos que no saben resolver las cuestiones que afectan a los gallegos más que con la metralla de los fusiles”. Engadíase que “no es la primera vez que Galicia es víctima del furor de los lacayos del poder Central”.

⁴⁰ Dous anos antes, este partido comezara a editar *La voz gallega*, en castelán, baixo a dirección de Eduardo P. Marzoa. O feito de que esta nova publicación inclúa textos en galego, pensamos que se debe á fecunda presenza de Castelao na Habana, entre novembro de 1938 e febreiro de 1939.

⁴¹ Ver *Castelao en Cuba*, xa citado.

Escriben estas páxinas Juan Pacheco Pérez, Eduardo P. Marzoa, Jesús Pérez Cabo e “Un veterano de la colonia”.

Reprodúcense algúns debuxos de Castelao, principalmente do libro *Cincuenta homes por dez réas*, con textos en galego axeitados ós fins da revista, e tamén o retrato de Curros, titulado “Así habla Curros a los caciques del Centro Gallego”⁴². Ridiculízanse, unha e outra vez, en versos galegos, ós que dirixen o Centro.

Menciónase moi seguido a Antón Villar Ponte, a raíz de teren sido expulsados do Centro uns cantos socios, recórdase, con énfase, que tamén un día expulsaron este combativo xornalista viveirense, por quen senten unha gran simpatía os que fan a revista⁴³.

8. ALMANAQUE GALLEGO

Publicación bilingüe, da que saíu un só número, correspondente ó ano 1909, en forma de libro, cunha extensión de 190 páxinas. Eran os seus directores-redactores Adelardo Novo e Casimiro Fernández.

O proxecto de editalo anualmente, como viña facendo Manuel Castro López en Buenos Aires, mancouse⁴⁴. Botaran a andar esta empresa “*para que las figuras gallegas dignas del relieve alcanzado en la historia de Cuba, desde su descubrimiento, no se pierdan en el olvido, y antes de que los actos de la colonia gallega, como entidad constituida, en pro de los paisanos aquí residentes en primer lugar, de los no emigrados aún y en favor también del país elegido al emigrar, sufran las alteraciones, propias del largo plazo de tiempo transcurrido...*”.

En galego aparecen poesías de Añón, Rosalía, Curros Enríquez, Benito Losada, Alberto García Ferreiro, Adelardo Novo, e unha páxina con letra e música dunha balada inédita de

⁴² Publicado por primeira vez no periódico *Hoy* (A Habana), o 31-12-1938.

⁴³ Talvez por eso lle puxeron o mesmo nome que a A. Villar Ponte dirixira nesta cidade.

⁴⁴ Na Galicia territorial publicárase o de Soto Freire, en Lugo, entre 1864 e 1869, e seguía saíndo o que en Ferrol editaba Leandro de Saralegui y Medina.

Chané. O resto, en castelán, comprende recensións sobre homes e feitos galegos de Cuba, historia das principais institucións galegas da emigración (Centro Galego, Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega, e outras), amais dun resumo da meritoria obra que por eses anos comezaban a concretar as chamadas Sociedades de Instrución, creadas para fundar escolas en Galicia.

Completan esta entrega única unha crónica gráfica, un repertorio de efemérides galegas, noticias sobre agrupacións musicais e da Caixa de Aforros, e unhas conclusións que sintetizan o labor galego de Cuba nese ano de 1909.

9. ANTORCHA GALLEGA, LA

Revista semanal ilustrada, que se ben é independente defende a xestión de Ángel Barros como presidente do Centro Galego, contra das maquinacións de Eugenio Mañach, nun intre moi polémico e de forte crise de poder na institución.

Dirixida por Ángel Fernández e administrada por Julián Cabrera, comezou a publicarse o 5 de outubro de 1913. A última edición que vimos corresponde ó día 8 de marzo de 1914, na que se anuncia que pasado un tempo mínimo de reorganización se convertería en periódico. Non nos consta que tal proxecto se concretase⁴⁵.

No seu primeiro editorial sinala que se propón ser *“palanca para levantar los espíritus, vigorizando el sentimiento patrio de nuestros coterráneos”*. Engade que se esforzará *“para que nuestras sociedades todas protejan a los niños, mujeres y ancianos gallegos que residan en Cuba y carezcan de recursos”*. Na derradeira expresa que pedirá *“para Galicia y nuestros hermanos residentes en el patrio suelo, justicia y equidad por parte de los poderes públicos, liberando con leyes sabias la tierra gallega de foros y altas contribuciones, multiplicando las vías de comunicación, fomentando la enseñanza primaria y la*

⁴⁵ Pensamos que non se levou a cabo debido a que Ángel Barros renunciou por aqueles días á presidencia do Centro.

profesional de artes y oficios, y consignando en los presupuestos del Estado cantidades para mejora de puertos, fomento del arbolado y cultivo, por medios modernos, de los muchos terrenos que están sin explotación, abandonados”.

Abundan as noticias de Galicia e os comentarios sobre o labor das Sociedades de Instrución. E amais dalgúns artigos intrascendentes, aparecen informacións amplas sobre do Centro Galego da Habana: obras do Palacio Social, Caixa de Aforros, plantel Concepción Arenal, sanatorio La Benéfica, Teatro Nacional. A maioría dos traballos están asinados con curiosos pseudónimos como Ahapito, Pepe da Mota, Czaritos, La Brego, Pedriño Conanzas... En galego só vimos un poema de Curros Enríquez e un conto de Lugrís Freire.

10. ANTROIDO, O

Pequeno e efémero periódico bilingüe, de carácter festivo, do que saíron apenas dous ou tres números o ano 1886. O seu ton era semellante ó de *A gaita gallega*, publicación que se viña editando na Habana dende o ano anterior.

11. ARD'O EIXO

Publicación galega da Habana, da que só temos o nome e a referencia de que comezou a publicarse (e acaso teña acabado moi logo de nacer) o ano 1910⁴⁶.

12. ARESANO, EL

Boletín editado pola asociación que agrupaba na Habana os emigrantes chegados da comarca coruñesa de Ares. Comezou a editarse segundo referencia de Ramón Marcote o ano 1917⁴⁷.

⁴⁶ Entre os anos 1909 e 1910, viron a luz na Habana nada menos que sete publicacións periódicas galegas.

⁴⁷ Non puidemos dar con exemplares desta publicación.

13. AVISADOR GALAICO, EL

Semanario, escrito en castelán, que comezou a publicarse o 3 de febreiro de 1878, e desapareceu o 2 de novembro do mesmo ano⁴⁸. Era órgano da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, de Cienfuegos, fundada o 29-10-1877⁴⁹.

Estaba dirixido por Domingo Devesa Naveiro e José Porrúa Valdivieso, dous emigrantes asentados naquela cidade do centro-sur de Cuba.

14. BOLETÍN DE PROPAGANDA DE LA SOCIEDAD “UNIÓN MUGARDESA”

Publicación semestral, bilingüe, que se editou entre 1946 e 1958, como órgano da Unión Mugardeza, da Habana. Era o seu director o redactor permanente Gabriel Míguez Deus. En veces colaboraba o asociado Manuel Roldán.

Trátase dun boletín de escaso interese para os que non fosen membros da entidade mugardeza. Recensiona festas, nas que se baila e se come (case sempre tortas de ovos, picarachas e outros manxares locais). Tamén se ocupa de aniversarios, vodas, mortes. Aparecen, ademais: algunhas notas históricas de Mugardeos; crónicas dos pescadores mugardeses que navegan polos mares de América; relatos variados en castelán con intercalacións en galego; cantigas populares vixentes na comarca; e a devoción que os emigrantes senten polo recanto natal, e que expresan evocando os festexos das Mercedes e dos santos Xulián e Vicente, e xuntando esforzos para erguer e soster unha escola, e para fundar un padroado co fin de levar a cabo diversas obras sociais naquela vila.

⁴⁸ No século XIX circularon en Cuba outros periódicos con títulos semellantes: *Avisador comercial*, *El avisador comercial*, *El aviso*, *El aviso de La Habana*, *El avisador cubano*, *El avisador hispano-americano* (os dous últimos editados en Nova York).

⁴⁹ A colectividade galega era moi numerosa en Cienfuegos. Isto explica a creación desa entidade, apenas cinco anos despois de se ter fundado a Beneficencia Gallega da Habana.

15. BOLETÍN DE LA ASAMBLEA DE APODERADOS DEL CENTRO GALLEGO

Comezou a publicarse (en castelán, salvo algunha frase ocasional, algunha cita imprescindible en galego) o ano 1915. Era un xeito de “gaceta oficial”, que recollía, textualmente, todo canto se dicía nas sesións da Asemblea⁵⁰; un libro de actas, con debates, informes de comisións especializadas, balances financeiros, contabilidade, situación do sanatorio, do teatro, do colexio... Os milleiros de asociados da institución recibían, gratuitamente, estes documentos.

Trátase de valiosas crónicas, nas que é doado ver o esforzo e interese común dos emigrantes de cara á institución que os agrupaba.

De acordo cos estatutos, as sesións ordinarias celebrábanse o primeiro domingo dos meses de febreiro, xuño e outubro. En veces non podían resolverse nun só día e continuaban na hora e data que se acordasen. Por outra banda, cando había problemas que o requerían, levábanse a cabo sesións extraordinarias, convocadas polo Presidente do Executivo e non menos de 25 apoderados.

O artigo 85 do Regulamento da Asemblea establecía que neste Boletín se incluírían as actas íntegras das sesións, a versión taquigráfica das discusións, as mocións, proposicións ou proxectos tomados en consideración, e os acordos recaídos de carácter definitivo. Debía de publicarse dentro dos oito días seguintes á sesión. Cada apoderado tiña dereito a corrixir os borradores no tocante ás palabras por el ditas. Estaba obrigado a devolver o texto en 24 horas.

Cada edición do Boletín tiña arredor de 300 páxinas.

Publicouse regularmente durante uns corenta e cinco anos, ou sexa, ata que o Centro Galego desapareceu⁵¹.

⁵⁰ A Asemblea de Apoderados era o organismo directivo superior, inapelable, da Asociación. Renovábase pola metade cada dous anos. Os seus membros era elixidos, en voto secreto, polos socios do Centro. Ningún apoderado podía ocupar un posto retribuído na Sociedade.

⁵¹ Para coñecer a evolución desta entidade, pode consultarse a *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 6, fascículo 88, páx. 114-115.

16. CENIT

Publicación mensual ilustrada, bilingüe, órgano da Sociedad Hijas de Galicia⁵². Era unha “*revista dedicada a la mujer y al niño*”, continuadora de *Fragancias*. Comezou a saír en xullo de 1938, e editouse con regularidade ata Nadal de 1960. O seu primeiro director foi José Álvarez Núñez, a quen relevou, nos últimos anos, José Antonio Clark que ó mesmo tempo rexía o sanatorio Concepción Arenal, da dita asociación). Subdirector, Daniel Mosquera, xefa de redacción, Amada Borges, e administradora, Rosa Artiles.

Ocupábase, principalmente, dos fins benéficos e asistenciais da entidade, e divulgaba os servizos que se viñan prestando á muller emigrante e ós seus fillos pequenos. De acordo con este perfil, era unha revista ben estruturada. Inseriría reseñas gráficas de actos, conferencias médicas, renovación de xuntas directivas, e tiña seccións fixas como “Salud e hixiene”, por Conchita Rodríguez; “La cocina”, por Sandra Sánchez; “Corte y costura”, por María Prieto Balsa; “Información social”, por Manuel M. Torres. Outra sección, a cargo do director, era “Antorcha”, que incluía temas históricos, efemérides, semblanzas de figuras galegas como Curros Enríquez, Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, etc. Tamén se publicaban acotío notas sobre cine, teatro, música, deportes. Fóra disto, aparecían traballos referidos a pedagogía, medicina, e temas femininos en xeral. Abundan nas súas páxinas as narracións literarias. Ocasionalmente inclúense breves informacións ou ensaios sobre aspectos da cultura galega.

Entre outros, asinan as variadas colaboracións que publica CENIT, Dámaso Pérez Valenzuela, Daniel Seuseney, Ángeles Caiñas, Arturo Mayse, Mercedes Mesa, Alfonso Valdés, Alfredo Mourenza, Oscar Rolán, Salvador Lorenzana...

A presenza da lingua galega é mínima. Só aparecen, raramente, algunhas citas, en verso, intercaladas en artigos referidos a poetas de Galicia.

⁵² Dado que o Centro Galego soamente admitía como asociados homes adultos, fundouse esta institución mutualista para atender as mulleres e os nenos.

17. CENTRO, EL

Boletín de curta vida, escrito en castelán. Saíu durante o ano 1914. Estaba dirixido polo poeta Ramón Cabanillas, e daba conta das actividades do Centro Galego da Habana.

18. COSPEITO

Publicación trimestral editada en castelán pola Sociedade que agrupa na Habana os naturais de Cospeito. Comezou a saír en xaneiro de 1980, e é a única publicación actual galega de Cuba. Director: Eliseo Cañí Sánchez; xefe de redacción: Luis Coloma Delgado; administrador: Eliseo Fernández Villamil.

Aínda que leva o nome da pequena institución que o patrocina, este boletín non se limita ás informacións da mesma, nin ás relacionadas coas demais entidades galegas. Ocúpase do cativo facer das esmorecentes asociacións españolas en xeral, e inclúe noticias culturais recibidas da Península (edicións de libros, cine, música, exposicións, homenaxes a artistas e homes de ciencia...). Tamén se publican nel traballos nos que se vencella a cultura española a Cuba, entrevistas a algúns visitantes, e notas sobre homes ilustres de América.

Neste sentido cumpre unha función de certo valemto, pero é totalmente alleo ó enfoque específico das cuestións galegas, de orde ningunha, pese ó enxebre topónimo que lle dá nome.

19. CULTURA GALLEGA

Revista de curta vida, fundada polo frade lugués Delfín Bóveda Villanueva, en 1910. (Bóveda estivera nunha misión franciscana en África, volveu logo a Galicia, obtivo a secularización e foi cando pasou a Cuba. Na Habana fundou esta revista e colaborou noutras. Non temos máis información.).

20. CULTURA GALLEGA

Revista mensual ilustrada, bilingüe, que comezou a publicarse o 5 de abril de 1936, e deixou de saír a partir de marzo de 1940. Director: Adolfo V. Calveiro; Subdirector: Eladio Vázquez Ferro; Xefe de redacción: José Gómez García; administrador: Jesús Iglesias Surribas.

Pódese afirmar que é a derradeira publicación galega importante de Cuba⁵³. Trataba os máis variados temas referidos a Galicia, con seriedade e rigor. Abonda, para nos decatar disto, a nómina de autores que ocuparon estas páxinas. Entre outros, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Sinesio Fraga, Jesús Peynó, Manuel Lustres Rivas, Dámaso Pérez Valenzuela, Federico Maciñeira, Roberto Blanco Torres, León Felipe, Gregorio Marañón, Ramón Fernández Mato, Salvador de Madariaga, Mercedes Vieito, Xaquín Pesqueira, Ramón Menéndez Pidal, Emilia Pardo Bazán, Fernando Ortiz, Valle Inclán... En galego destaca principalmente a poesía cos nomes de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Saco y Arce, Marcial Valladares, José García Mosquera, Manuel Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas, Antonio Couceiro Freijomil, Pedro Vázquez Rábade, Carmen Prieto Rouco, José López de la Vega.

Hai unha sección dedicada a noticias chegadas de Galicia, e outra referida ás sociedades de emigrantes. En veces tamén aparecen informacións sobre feitos culturais animados por galegos noutras áreas de América; abundan as fotografías de paisaxes e monumentos; reproducense caricaturas feitas por Castelao e por Maside; vense portadas coas imaxes de Rosalía, Curros Enríquez, Concepción Arenal, Valle Inclán, Linares Rivas, José Guede.

En 1937 tivo resonancia na Habana a celebración do centenario de Rosalía, esforzo singular desta revista. Leváronse a cabo actos públicos diversos, fíxose unha edición especial, e organizouse un concurso literario⁵⁴.

“Contos e paus” é unha sección galega en prosa, asinada por Xan do Pau; nela críticanse feitos locais da comunidade galega.

⁵³ Cando se fundou xa facía uns oito anos que cesara a emigración masiva de galegos á Illa.

⁵⁴ Gañou Xerardo Álvarez Gallego o primeiro e segundo premios.

Tal como fixeron, antes e despois, outras publicacións galegas de Cuba, destácase a vida e a obra de figuras de Galicia. Anotamos as de Saco y Arce, Valle Inclán, Salvador Zapata, José Rodríguez Carracido, Alejandro Rodríguez Cadarso, Waldo Álvarez Insua, Marcial Valladares, Pascual Veiga, Roberto Nóvoa Santos, Benito J. Feijóo, Ramón de la Sagra, Enrique Labarta Pose, Gumersindo Busto, Antonio López Ferreiro, Alfonso R. Castelao, María Pita, Isabel Barreto...

Ideoloxicamente, mantiña unha clara posición republicana: defendía o noso Estatuto de Autonomía; afirmaba os valores diferenciais de Galicia; reproducía discursos dos deputados galegos no Parlamento; criticaba, nos primeiros tempos, a conduta dos militares que se alzaron contra do goberno legal. Planteou a liberdade de Adelardo Novo, preso nun cárcere franquista; deu cordial benvida a Castelao, cando este chegou a Cuba, en 1938⁵⁵.

Co tempo, esta ideoloxía foi decaendo. A revista atopábase con dificultades económicas, e viñeron na súa axuda o reaccionario *Diario de la Marina* e certos persoeiros que inventaron uns “bonos de gratitud” para soste a CULTURA GALLEGA. Dende esa comezou a debalar. Ten menos demanda; a impresión é máis modesta; atácana dende outras revistas. Publica, en veces, versos en galego, pero o certo é que o noso idioma está cada vez menos presente nas súas páxinas. Repítese moito a palabra “hispanidad”; aparecen biografías que apenas interesan á causa de Galicia: Méndez Núñez, Isaac Peral, Narciso Monturiol; fálese moito do berce “español” de Colón; resáltase o “Día de la Raza”; danse noticias de Cifesa; inclúense traballos de hispanistas norteamericanos... A revista cae. En maio de 1939 publica un retrato de Francisco Franco, “Jefe del nuevo Estado español”.

Na derradeira, morre de vez; deixa de saír. E teremos logo, tamén rexida por Adolfo V. Calveiro, unha publicación decadente, híbrida, acorde co triunfalismo na Península, titulada *Cultura hispánica*.

⁵⁵ “en viaxe de propaganda por la causa republicana”, dicía.

21. CURROS ENRIQUEZ

Revista mensual, bilingüe, órgano da Sociedad do mesmo nome que agrupaba na Habana os naturais do partido xudicial de Celanova. Comezou a publicarse en agosto de 1944. Tiña como director a Antonio Tonda Doltz, e era xefe de redacción Jorge Amador, e administrador Jesús L. Antuñano.

Basicamente informaba das actividades da institución (“*de beneficencia, instrucción y recreo*”), que tiñan como centro os bailes que, nos últimos anos, se ofrecían na súa casona do barrio de Santos Suárez⁵⁶. Ademais, daba noticia de nacementos, vodas, aniversarios, defuncións, campionatos de dominó... En galego soamente aparecían poemas de Curros e algunhas cantigas populares. Fóra diso, todo estaba escrito en castelán: traballos biográficos e anecdóticos arredor do poeta de Celanova; glosas sobre José Martí; informacións referidas ós libros que se ían incorporando á biblioteca social; entrevistas a dirixentes e socios de mérito da entidade; narracións, poesías.

Escribían estas páxinas, amais do director e do xefe de redacción: Ramón Marcote, Enrique González, Modesto Cendón, Jesús Peynó, Ramón Blanco, O. Moure, Luis Viña, e tamén Frei Canuto, Conde Nado e O gaiteiro de Milmanda.

22. ECO DE GALICIA

Revista semanal, bilingüe, “*ilustrada y de información regional*”, que se editou con regularidade entre os anos 1917 e 1936. Estivo dirixida o máis do tempo polo seu fundador, Manuel Fernández Doallo⁵⁷. Nun curto período desempeñou esta función Manuel Gondell Linares; e na última etapa Mercedes Vieito Bouza; mais o perfil establecido por quen a botou a andar, mantívose invariable. En veces, Fernández Doallo aparece como

⁵⁶ A sociedade extinguiuse na década do 60, e nese edificio funciona agora o “Círculo Social Obrero Curros Enríquez”.

⁵⁷ Dirixiu tamén, durante varios anos, simultaneamente, o *Heraldo de Galicia*. Ó mesmo tempo rexía a “Empresa de publicidade galiciana”.

director, sen máis; outras como “administrador propietario”. Ata 1919, o administrador é Fermín Méndez Álvarez. Hai un director artístico: Faustino L. Méndez. Dende ese ano aparece como xefe de redacción J. Otero Pérez, quen en 1922, é substituído por Antonio do Campo⁵⁸.

Xunto con *Galicia e Cultura gallega* (a que dirixira Adolfo V. Calveiro), foi unha das máis importantes publicacións galegas de Cuba, no século XX. Tivo un acollemento sostido na colectividade de emigrantes.

O seu contido axéitase moi ben ás inquedanzas galegas deses anos. Acaban de fundarse as Irmandades da Fala, e na Habana radicalízase o ideal de afirmación galeguista. Cando se escriba a historia do nacionalismo galego en América, haberá por forza que ter en conta a constante “Páxina nazonalista” deste semanario, na que aparecen traballos coas sinaturas de Vicente Risco, Manuel Banet Fontenla, Xohán Vicente Viqueira, Luis Peña Novo, Isolino Pérez, Vicente Rebollar, Basilio Alvarez, F. Rodríguez Quintana, e outros que asinan cos pseudónimos de Pau d’Acibro e Xan de Bentraces. Esta “páxina”, que contén artigos diversos (teoría, crítica do centralismo, defensa do idioma, atributos...) ⁵⁹ complementábase cunha sección denominada “Lombeiradas” e, en veces, con poemas de Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente e Xesús Varela.

En xeral, na revista trátanse temas históricos, xeográficos, económicos, folclóricos, filolóxicos, literarios, artísticos (principalmente referidos a música e teatro); descríbense comarcas galegas; faise crítica do caciquismo; coméntase a guerra de África; recóllense semblanzas de personalidades de Galicia; insértanse traballos científicos. Hai unha sección de efemérides galegas; outra moi destacada con noticias chegadas das catro provincias. Tamén unha crónica fixa sobre os galegos emigrados en Nova York.

Aínda que resulte algo extenso para dar unha idea da variedade de nomes, citamos os autores máis destacados dos traballos en

⁵⁸ O mesmo que anos máis tarde dirixiría *Vida gallega e Vida gallega en Cuba*.

⁵⁹ Entre os que se trata do noso achegamento a Portugal, e se reproducen textos nacionalistas irlandeses traducidos ó galego.

castelán: Concepción Arenal, Jesús Bal y Gay, Juan Barcia Caballero, Roberto Blanco Torres, Xavier Bóveda, Salvador Cabeza de León, Julio Camba, Prudencio Canitrot, Eugenio Carré Aldao, Sofía Casanova, Evaristo Correa Calderón, Wenceslao Fernández Flórez, Ramón Fernández Mato, Manuel García Paz, Pablo Iglesias, Angel Lázaro, José Lesta Meis, Manuel Lustres Rivas, Eugenio Montes, Manuel Murguía, Enrique Rodó, Leandro Pita Romero, Vicente Gómez Paratcha, Constantino Piquer, Juan Rof Codina, Julio Sigüenza, Jaime Solá, Miguel de Unamuno, Ramón del Valle Inclán.

O galego está presente arreo nas páxinas desta revista⁶⁰. En verso hai traballos de Álvarez Limeses, Armada Teixeira, Blanco Amor, Cabada Vázquez, Rosalía, Curros, Avelino Díaz, Herminia Fariña, Francisca Herrera, Lamas Carvajal, Leiras Pulpeiro, Benito Losada, Luguís Freire, Modesto Moure, Andrés Muruais, Aurelio J. Pereira, Eduardo Pondal, Antonio Prieto, Eladio Rodríguez González, Juan Salgado, Victoriano Taibo, Manuel Torres, amais de Cabanillas e López Abente, xa citados.

En prosa galega, á parte da mencionada “Páxina nazonalista”, vense artigos de Julio Camba, Rafael Dieste, Felipe Fernández Armesto, Xosé Filgueira Valverde, José A. Fernández Merino, Sinesio Fraga, Antonio Fraguas, Evaristo Martelo Pauman, Manuel Portela Valladares, Antón Villar Ponte, e narracións de Xosé Arias e Portela, Leandro Carré, Antonio Chueca, Manuel García Barros, Xavier Prado, Modesto Prieto, Domingo Quiroga, Roxelio Rivero, Castelao e Avelino Rodríguez Elías⁶¹.

Boa parte desta revista está impresa en papel semicromado, o que lles dá máis destaque ós debuxos e ás abondosas fotografías de paisaxes, monumentos, rúas das nosas cidades, portos, actividades das institucións galegas de Cuba, figuras de paisanos ilustres, heráldica... Estes adoitan ser tamén os temas que ilustran as portadas, amais dalgunhas que outras caricaturas feitas por Castelao e por Vidales Tomé.

⁶⁰ Resulta curioso que nalgúns traballos da Redacción, en castelán, os topónimos aparecen expresados na nosa lingua, incluso algúns compostos, como sobrado dos Monxes.

⁶¹ Deste autor aparecen numerosos contos.

23. ECO DE GALICIA, EL

Revista semanal, bilingüe, “*de ciencias, artes y literatura*”, fundada e dirixida por Waldo Álvarez Ínsua. Comezou a publicarse o 8 de marzo de 1878, e saíu o derradeiro número o 5 de outubro do ano 1901. En 1881 interrompeu a saída por problemas administrativos que mancaron a súa estabilidade económica. Isto debeuse a dúas campañas sostidas nas súas páxinas. Unha, contra do Círculo de Hacendados da Habana, que pretendía traer labregos a Cuba en condicións moi semellantes ás que lles impuxeran ós chineses algúns anos atrás; condicións infrahumanas⁶². A outra, denunciando os albaceas do filántropo galego Fernando Blanco de Lema, que pretendían incumplir o mandato testamentario de fundar un colexio-instituto en Cee. As campañas deron o seu froito, e o semanario viu a luz de novo o 2 de xullo de 1882. No editorial desa data, entre outras cousas dise que: “*nuestra única misión es reivindicar las ultrajadas glorias gallegas y atraer sobre un pueblo trabajador y honrado las simpatías perdidas por las calumnias y sarcasmos de escritores adocenados y sin inteligencia, que para amenidad de sus efímeros trabajos, no vacilaron en apelar al insulto que hiere a clases enteras*”.

Como único responsable desta empresa aparece o seu fundador e director-propietario, Waldo Álvarez Ínsua. Pero despois de tantos anos, tería que producirse un relevo nos derradeiros tres meses: dende a edición do 6 de xullo de 1901 en adiante, Eduardo Núñez Sarmiento é quen dirixe este semanario.

No número do 12-10-1879 lanzouse a idea de crear o Centro Galego da Habana. Un mes despois nacía a que, andando o tempo, chegaría a ser unha das nosas máis relevantes institucións neste continente.

EL ECO DE GALICIA é o decano da prensa galega de Cuba e de toda América⁶³. Waldo Álvarez Ínsua tiña soamente vinte anos

⁶² Este feito chegou a ter resonancia no Parlamento Español, como o tivera vinte anos antes o escándalo protagonizado por Urbano Feijóo y Sotomayor.

⁶³ Pasamos por alto, conscientemente, a publicación festiva *La gaita gallega* e o efémero *El avisador galaico*, que virían a ser algo así como uns intentos, un xeito de “prehistoria” (como dicimos no comezo deste libro) da nosa prensa en Cuba.

cando botou a andar esta revista, e cómpre dicir que o contido informativo da mesma, a visión dos problemas galegos, o enfoque político da personalidade diferenciada de Galicia, e a presenza da lingua como atributo nacional principalísimo do noso país, revelan nel unha madureza fóra do común⁶⁴.

Entre os autores en castelán que andan nestas páxinas, podemos citar a Aurelio Aguirre, Concepción Arenal, Juan Barcia Caballero, Bernardo Barreiro, Alfredo Brañas, Emilia Calé, Emilio Castelar, Juan M. Espada, Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Vesteiro Torres, Varela Silviri, A. López Ferreiro, Benito Vicetto, M. LUGRÍS Freire, E. Núñez Sarmiento, Luis Taboada, Sofía Casanova... Unhas sinxelas sumas dinnos que o propio Álvarez Ínsua publicou máis de cento trinta traballos (biografías, contos, poesías, artigos de contido histórico, xeográfico, económico, político); máis de cento cincuenta aparecen coa sinatura de Luis Taboada en xeral sobre temas costumistas; trinta e catro de Murguía; de Emilia Pardo Bazán, vimos vinte e cinco contos e artigos, e nove poesías; hai cincuenta colaboracións de Núñez Sarmiento, e déronse a coñecer capítulos da novela *Los hidalgos de Monforte*, de Vicetto.

En galego atopamos poesías de Añón, Armada Teijeiro, F. Baamonde, Pérez Ballesteros, Barcia Caballero, Alberto Camino, Rosalía, Curros Enríquez, Filomena Dato, F. García Acuña, A. García Ferreiro, Salvador Golpe, Labarta Pose, Lago González, Lamas Carvajal, M. LUGRÍS, Marqués de Figueroa, Andrés Muruais, Pastor Díaz, H. Pérez Placer, Florencio Vaamonde, Marcial Valladares, M. Vázquez Queipo... e narracións literarias do propio Álvarez Ínsua e de Eliseo Areal, Farruco Camba, Fortunato Cruces, M. García Barros, Lamas Carvajal, Hipólito Muíño, Amador Montenegro, Luis de Outeiro, José M. Posada, Lisardo Barreiro, F. Romero Blanco e outros.

A revista mantívose cun formato grande, uniforme, nos seus vinte e tres anos de existencia. Estaba ben deseñada. Non abundaban nela as ilustracións, pero as que se incluían eran moi axeitadas.

⁶⁴ Co mesmo título desta revista por el fundada, comezará a saír outras anos despois (o 30-3-1891), en Buenos Aires.

Un feito significativo foi que cando Ramón Armada Teixeira (que neste caso utilizaba o pseudónimo de Chumín de Céltegos) non puido seguir editando *A gaita gallega* primeira publicación de América escrita totalmente na nosa lingua as “tocatas” da mesma seguiron; seguiu saíndo uns meses máis como suplemento de EL ECO DE GALICIA.

Dato curioso, histórico, é que o idioma galego estivo presente nesta revista dende aquela edición auroral do 8 de marzo de 1878. Nun comentario de Luis Rodríguez Seoane, en castelán, sobre *Rumores de los pinos*, de Eduardo Pondal, reproducése a parte referida a Rosa de Corcoesto e fragmentos doutras poesías. De Pondal son, pois, as primeiras mostras do galego literario que aparecen na prensa galega da emigración. Podemos engadir que na edición seguinte (16-3-1878) reproducése “Queixas”, de Lamas Carvajal. E unha terceira curiosidade: na do 16-5-1878, o establecemento la Propaganda Literaria, de Alexandre Chao, inserta un anuncio ofrecendo en venda libros galegos. Aparecen 23 títulos encabezados por *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro.

O mérito de Waldo Álvarez Ínsua non radica soamente en ser o primeiro nesta difícil andaina periodística, senón tamén por facelo con intelixencia, solidariedade humana e patriotismo.

24. FARO GALLEGO

Periódico de pequeno formato, mensual, escrito en castelán, do que saíron só uns poucos números, o ano 1940. Era voceiro dun dos partidos de oposición da importante sociedade Hijas de Galicia. Estaba dirixido por José Trillo Escagedo, e administrábao José Gómez Sánchez.

Nel criticábase sistematicamente a administración da entidade, e propóñense cambios, reformas, saneamentos. En veces aparecen acusacións de irregularidades graves, e outras, miudezas intrascendentes que lle restan seriedade á publicación.

25. FOLLAS NOVAS

Semanario bilingüe, “científico, literario y defensor de la colonia gallega”, cuxo nome está inspirado no libro homónimo de Rosalía, editado dezasete anos antes, que comezou a publicarse o 6 de xuño de 1897, e desapareceu o 6 de setembro de 1908. Os seus “fundadores propietarios” foron Francisco J. Ramil e Antonio de P. Cea. O segundo aparecía como director.

Na presentación do número inicial dise: “*Creemos cumplir con el más elemental de los deberes al aparecer por primera vez en las lides periodísticas. Enviamos un cariñoso y fraternal saludo a la prensa de esta Antilla y en particular a El Eco de Galicia, con quien desde hoy venimos a compartir los sinsabores que amargan de continuo la vida de los que nos dedicamos a la profesión periodística, haciendo extensivo el saludo a la prensa que ve la luz en nuestra Galicia*”. Engade que non fomentará discordias nin afondará nas que xa hai entre “un considerable número” de paisanos. Remata puntualizando: “*nacemos para defender, hasta donde nuestras fuerzas lo permitan, los intereses generales de Galicia en Cuba*”.

Este semanario comeza a saír uns meses despois de ter desaparecido *La tierra gallega*. A Guerra de Independencia estendíase, era cada vez máis tenso o enfrontamento entre cubanos e españois, pero ó contrario da publicación que rexera Curros Enríquez, non axita a bandeira colonialista; non dedica unha soa liña a defender o poder opresor.

Entre moitos outros, aparecen asinando traballos en castelán Benito Fernández Alonso, Basilio Álvarez, Xerardo Álvarez Limeses, Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Murguía, Antón Villar Ponte, Adelardo Novo, Emilia Pardo Bazán, Teodosio Vesteiro Torres... Tamén se publica *La alondra*, novela por entregas de Álvaro de la Iglesia. E entre 1904 e 1907, ven a luz nestas páxinas algúns relatos e poemas de Valle Inclán.

En galego destacan os nomes de Rosalía, Curros Enríquez, Pondal, Lamas Carvajal, Añón, Amor Meilán, Lisardo Barreiro, Alberto Camino, José María Salgueiro, Ramiro Gayoso, J. Fernández Merino, Nan de Allariz, Martelo Pauman, Noriega Varela, Roberto Blanco Torres... Dende Cádiz colabora Xan de

Outeiro⁶⁵. E Xan de Masma (pseudónimo de Patricio Delgado) publica por entregas, a partir de xaneiro de 1899, *A besta*⁶⁶.

Abundan os pseudónimos: Lucas Celta, Correcas, A. Delante, Eume, Franael, Fuquiño, Hipómenes, Cidre, Un d'a Vila.

O ano 1903, FOLLAS NOVAS sostivo unha polémica con Curros Enríquez, a raíz dunha carta que o poeta lle mandou dende a Habana a Galo Salinas, e que este publicou na *Revista Gallega*, da Coruña⁶⁷.

Vese nestas páxinas unha preocupación constante pola identidade de Galicia. Publicanse 120 traballos biográficos, os máis deles referidos a figuras galegas. Na orde literaria destaca a inserción de 28 narracións e 330 poesías na nosa lingua.

26. FRAGANCIAS

Revista da Asociación de Hijas de Galicia, da Habana. Editouse soamente un número, en castelán, correspondente a xullo de 1931. (Precedeu a *Cenit*, órgano da mesma entidade, que comezaría a publicarse sete anos despois.

Estaba dirixida por Eduardo P. Marzoa, a administrada por Manuel Campos.

Amais de informar sobre das actividades da institución e do corpo médico, dentistas, farmacias e servizos diversos da casa de

⁶⁵ Pseudónimo de Luis Otero Pimentel, autor de *A campaña de Caprecórneca*, *Mirando ó ceo* e *Camiño de Santiago*.

⁶⁶ Cualificada por Xesús Alonso Montero como a primeira novela *social* escrita na nosa lingua, nela todo xira arredor dos estragos que protagoniza un cacique nunha comarca galega. No prólogo, o autor enfróntase, con palabra rexa (e acaso xusta) a Emilio Zola.

⁶⁷ O 11 de xaneiro dese ano, Curros Enríquez leu a súa poesía “A espiña”, nun acto celebrado no habaneiro Teatro Nacional. O 20 de xuño, Galo Salinas, a xeito de resposta solidaria, publicou na *Revista Gallega*, “O dardo”. Curros agradécelle o xesto nunha carta que se publica na mesma revista o 23-8-1903. Nela di, entre outras cousas “...debo justificar mi desvío de esta Galicia lazarina que, sin saber leer ni escribir, viene aquí a escupir sobre su historia y la de sus padres”. Isto caeu mal na Habana. FOLLAS NOVAS encabezou a polémica, até que lle puxo fin unha nota do director. Máis alá do sonado incidente, o semanario tratou sempre con respecto e admiración ó poeta de Celanova.

saúde Concepción Arenal, contiña variados traballos, dirixidos principalmente á muller (puericultura, modas, beleza, consellos para o fogar), un artigo de Ortega y Gasset, unha narración de Concha Espina, poesías de Luis Martín e Amado Nervo, e un conto para nenos, de Gloria Fortún.

27. GAITA GALLEGA, A

Publicación totalmente escrita en idioma galego, que “repinica muiñeiras, fandangos y-alboradas, unha vez ó mes, “fundada, dirixida, redactada e administrada por Chumín de Céltigos (pseudónimo do poeta ortigueirés Ramón Armada Teixeira) e Roque d’as Mariñas (pseudónimo de Manuel Lugrís Freire, quen estivo vencellado a esta empresa soamente nos primeiros números).

Trátase dun periódico de pequeno formato, en certa maneira inspirado no libro auroral de Xoán Manuel Pintos (publicado en Pontevedra, en 1853), non só na homonimia do título senón por outras semellanzas formais: onde Pintos pon Foliada 2ª, Foliada 3ª etc., os editores da Habana, trinta e dous anos despois, consignan tamén esta orde numerativa tras da palabra Tocata. O símil é evidente. Hai, ademais, certo parecido no ton. E, para remate, na primeira entrega reproducése o acróstico de Pintos, cuxo primeiro verso lles vén á medida: “Queira Dios qu’esta *Gaita* ben tocada...”.

Publicouse con regularidade entre o 5 de xullo de 1885 e o 18 de nadal de 1887. Reaparece logo o 20 de xullo de 1889 como suplemento de *El eco de Galicia*, por pouco tempo, xa que no mes de nadal dese ano deixa de saír definitivamente.

Un firme patriotismo, que se asenta basicamente na lingua e no destaque da nosa historia, caracteriza esta publicación. E ata os traballos de empaque festivo están case sempre en función dese principio.

Insértanse poesías de Pastor Díaz, Xoán Manuel Pintos, Alberto Camino, Añón, Rosalía, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Lamas Carvajal, Aureliano J. Pereira, José García Mosquera, Lisardo Barreiro, Andrés Muruais, Alberto García Ferreiro, Xenaro Mariñas, Adolfo Mosquera, Ramón Armada

Teixeiro e outros; narracións de Marcial Valladares, Antonio de la Iglesia, F. Romero Blanco, R. Pesqueira Crespo, César Undinoco, Manuel Amor Meilán, F. Lourido; artigos e crónicas de Marcos d’a Portela e Secundino Cores; traballos de Roque d’as Mariñas en defensa da nosa lingua; comentarios arredor do éxito que tivo na Habana a estrea da peza teatral *Non máis emigración*; reseñas sobre feitos históricos de Galicia; amplo eco da morte de Rosalía; lendas, fábulas, refráns; fragmentos de *O catecismo do labrego*; notas sobre música popular... Algúns traballos están asinados con pseudónimos curiosos, como K. Ñoto, K. Inzo, G. Sus, Xan d’as Zocas, P. Nadie.

En “O noso pensamento” (editorial do primeiro número) dise que: “o renacemento literario de Galicia ven collendo novas forzas e a nosa lingua ocupa hoxe un posto brillante entr’as rexionais”. Máis adiante afirma que o idioma de Galicia “é a única nota que o corazón do emigrado atopa pra lembrar a querida Terra”. Finalmente puntualiza: “a lingua na qu’as nosas nais nos ensinaron a sentir as primeiras emocións; isa lingua é dina e merecente de que teña no Novo Mundo un periódico escrito samente nela”.

Este periódico ten o gran mérito de ser o primeiro de América, o primeiro fóra da Galicia territorial, escrito íntegramente en galego⁶⁸.

A GAITA GALLEGA tivo moi boa acollida non só entre os nosos emigrantes senón tamén por parte da prensa habaneira e dalgúns periódicos do interior de Cuba, pois apareceron reseñas laudatorias en *La lealtad*, de Cienfuegos; *Unión*, de Güines; *La familia*, de Matanzas; e en *Constitución*, de Remedios (onde seguramente había algún galego) apareceron estes versos de saúdo: “Por aquí tamén falamos / a lingua da nosa Suevia; / ¡Cánto ben nos fan as cousas / que fala *A Gaita Gallega*! / Dios lle dea a *Chumín de Céltegos* / Y-ós que traballan en ela, / sorte abunda, moita vida, / e todolo qu’eles queiran”.

⁶⁸ En Buenos Aires, a primeira publicación periódica escrita totalmente en galego foi *Terra*. Comezou a saír o ano 1923, dirixida por Ramón Isla Couto.

28. GAITA GALLEGA, LA

Periódico semanal, “*para reír*”, ou sexa, humorístico, escrito en castelán, do que saen seis números, entre o 7 de xaneiro e o 11 de febreiro de 1872, en plena Guerra dos Dez Anos pola independencia de Cuba. Dirixeo o Doctor Triquitraque, inspirador e xefe dunha “*infinidad de bolos y gandules*”, que son os seus redactores. Soamente aparece consignado “en serio” o nome de Francisco Cisneros, debuxante caricaturista⁶⁹.

Nesa época editábanse na Habana diversas publicacións deste tipo, entre elas *Juan Palomo*, reaccionaria e antimambi. LA GAITA GALLEGA non se adscribe á ideoloxía colonialista. Satiriza certos costumes; contén chistes, narracións, comentarios sobre dalgúns inventos, moda feminina, fábulas, epigramas, un breve boletín titulado “*Memoria de un pobre hombre*”, e relatos en verso: “*La vida del soltero*”, “*Idilio tornasolado*”, “*Lamentos de un gacetillero*”, etc.

De primeiras, este semanario soamente ten de galego o nome e o folclórico debuxo da cabeceira. Nesa época deu comezo a emigración masiva de galegos a Cuba. Uns días antes de saír o primeiro número, creouse a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. O director foi invitado e, de xeito moi respectuoso, que contrasta co carácter festivo da publicación, descúlpase por non ter podido asistir, e saúda a fundación da entidade.

Sabemos agora que o Doctor Triquitraque era Miguel Blanco, posiblemente galego, pois outros co mesmo apelido aparecían como “*conciliarios*” da nacente asociación. Tamén puideran ser galegos todos en boa parte dos “*bolos y gandules*”, se temos en conta o estilo dos seus traballos. De todas as maneiras estas son apenas hipóteses, conxecturas.

Na edición do 11 de febreiro, Blanco despídese dos lectores. Di: “*Habiendo sido trasladado por Real Orden del 13 de diciembre último desde el destino que desempeñaba en La Habana, a otro de mayor importancia a una de las ciudades más principales del*

⁶⁹ Era un salvadoreño asentado en Cuba, que dirixiu, durante dezanove anos, a escola de arte San Alejandro, e pintou importantes cadros (“*La muerte de Nerón*”, “*Lot y sus hijos*” etc. que se conservan no Museo Nacional).

interior; estando próximo a cumprir el plazo concedido por la ley para tomar posesión, y no habiendo sido posible organizar, con la perfección que deseábamos, el servicio del periódico durante nuestra ausencia, tenemos el sentimiento de anunciar que se suspende por ahora la publicación de LA GAITA GALLEGA”.

Non temos noticia de que volvese saír.

29. GALICIA

Revista semanal ilustrada, bilingüe (“*de mayor circulación en la República*”), que comezou a saír o 25 de xullo de 1902, e deixou de editarse a partir do 30 de maio de 1930⁷⁰. Foi a publicación periódica galega de Cuba de máis longa vida. E foi tamén unha das máis consecuentes coa causa de Galicia, por enriba de toda miudeza e todo personalismo raquíutico. Mantivo esa liña ó longo dos seus vinte e oito anos de vida.

Fundouna e foi o seu primeiro director-proprietario Vicente López Veiga, a quen substituíu temporalmente, en 1906, Constantino Horta y Pardo. O máis do tempo e ata que deixou de saír, estivo dirixida por José Benito Cerdeira.

Nos primeiros anos era “*Órgano general de la colonia gallega y sociedades regionales de Cuba y defensor de los intereses gallegos en América*”, pero logo prescindiu da parte derradeira; deixou de incluír as crónicas que viña publicando referidas ós galegos de Buenos Aires, Nova York e outras cidades do continente. Salvo algunha referencia ocasional, o seu facer informativo limitábase agora ós emigrantes asentados en Cuba.

A partir de 1911 abandona o seu formato grande e convértese nunha revista propiamente dita, facilmente manuable, con máis páxinas, impresa total ou parcialmente en papel semicromado, e moito máis ilustrada ca antes⁷¹. As ilustracións abranguen amais

⁷⁰ O director, José B. Cerdeira, mandoulle un exemplar desta edición ó director da Biblioteca Nacional, cunha necrolóxica na que o informaba de que a revista deixaría de publicarse. Anunciáballe unha posible reaparición, pero tal propósito non chegou a concretarse.

⁷¹ Como sabemos, en 1917 nace *Eco de Galicia*. Ambas as publicacións coexistiron longos anos (entre 1917 e 1930). Semellábanse moito, no contido, no formato, e no enfoque ideolóxico dos problemas de Galicia.

dalgunha que outra caricatura ou reprodución pictórica ou escultórica fotografías con temas moi variados: monumentos, rúas e portos de cidade galegas, paisaxes, escenas do noso campo, figuras de galegos ilustres, catedrais, pazos, mosteiros, escolas financiadas polos emigrantes, estampas folclóricas... Máis ou menos estes eran tamén os motivos das portadas, á parte da que ilustrou Castelao, e dalgunhas que levan caricaturas, con textos en galego, de Vidales Tomé.

Variados son tamén os temas que tratan os seus textos: caciquismo, loitas sociais, emigración, biografías de galegos célebres, teatro, música, historia, xeografía, arqueoloxía, pedagogía, industria, dereitos da muller, problemas de economía en xeral, pesca, cuestións fiscais, centralismo, filoloxía, literatura, folclore...

Moitos son os nomes que pasaron por estas páxinas en case tres décadas. É obrigado dicir algúns. En castelán, por exemplo: Emilia Pardo Bazán, Eloy Luis André, Núñez de Arce, Salvador Golpe, Aurelio Ribalta, Agustín Balseiro, Fortunato Cruces, Jacinto Benavente, Francisco Luis Bernárdez, Roberto Blanco Torres, Alfredo Brañas, Xavier Bóveda, Manuel Casás Fernández, Manuel Castro López, Armando Cotarelo, Adelardo Curros, Camilo Díaz Baliño, Wenceslao Fernández Flórez, Sinesio Fraga, Celso García de la Riega, Montero Ríos, Roberto Nóvoa Santos, Juan Rof Codina, Miguel de Unamuno, Antón Villar Ponte, Alfredo Vicenti, Ramón del Valle Inclán...

En galego destacan, na poesía: Pastor Díaz, Francisco Añón, Rosalía, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, G. Justo Castro, Fernando G. Acuña, E. Núñez Sarmiento, Bernardo Bermúdez Jambrina, G. López Abente, A. Noriega Varela, Lamas Carvajal, Filomena Dato, Francisco Tettamancy, E. Labarta Pose, J. Barcia Caballero, Ramón Cabanillas, Alberto Camino, Victoriano Taibo, Eugenio Carré Aldao, Emiliano Balás, A. Rey Soto. E na prosa artigo ou relato de ficción aparecen nomes como os de Manuel Lugrís Freire, Fuco Gómez, Vicente Risco, Rogelio Rivero, Avelino Rodríguez Elías, Florencio Vaamonde Lores, Julio Sigüenza, Manuel Banet Fontenla, Leandro Carré, Evaristo Correa Calderón, Manuel García Barros, Domingo Freijomil...⁷².

⁷² Algúns destes nomes, e outros que non citamos para non alongar a ficha, aparecen calzando textos nos dous idiomas, en prosa e en verso.

Naquela primeira edición, do 25-7-1902, diciase que esta revista estaría sempre disposta a servir os intereses de Galicia e dos seus fillos, e que a súa laboura se encamiñaba a manter “*más vivo cada día el amor a la patria lejana; a dar a conocer sus cosas, a enaltecer sus hombres de mérito en todas las esferas de la actividad; y a tratar sus intereses desde puntos de vista siempre dignos, nobles y elevados*”. Pódese dicir que GALICIA non se arredou nunca destes postulados.

Para mellor coñecer o alcance informativo desta publicación, e a ideoloxía que a orientaba, convén puntualizar algúns feitos: doou a bandeira galega que acompañou os restos de Curros Enríquez a Galicia; na edición do 13-5-1911, insertou un extenso manifesto da Unión Redencionista Galega, creada na Habana para loitar en contra dos foros⁷³. (Dous anos antes, Prudencio Canitrot asistira ó mitin antiforal de Redondela, representando a revista). Cando estivo Basilio Álvarez en Cuba, o ano 1912, GALICIA publicou acendidas páxinas en pro do labor de Acción Gallega e do rebelde crego de Beiro. Tamén reseñou, en 1921, a presenza de Valle Inclán na Habana. Seguía todo o ir e vir da Galicia territorial e mantivo arreo unha posición progresista e de denuncia contra todo abuso. Ocupábase das Sociedades de Instrución e das escolas que ían xurdindo en Galicia por obra dos emigrantes. Sostivo con claridade as ideas dunha Galicia autogobernada⁷⁴. A edición do 25 de xullo de 1920, totalmente en galego, é de rotundo contido nacionalista. Aparecen alí traballos en prosa de Vicente Risco, Banet Fontenla, Ramón Villar Ponte, Aurelio Ribalta, Xaime Quintanilla, Luis Peña Novo e outros, e reproducense poemas de Curros, Lamas, Cabanillas... Hai un chamamento da Xuntanza Nazonalista Galega d’Habana. Castelao debuxa a portada⁷⁵.

Mantiña semana a semana, un amplo repertorio de noticias chegadas da Terra, á parte das variadas crónicas remitidas polo

⁷³ A Unión estaba presidida por Xosé Fontenla, o obreiro ferrolán emigrado a quen se deben iniciativas como a da creación da Academia Galega e do Himno Galego.

⁷⁴ Durante 50 semanas publicouse a sección “Algo de Regionalismo” (“Ideas redentoras”, “Como se nos gobierna”, “El porqué de nuestro atraso”, “¿Hasta cuándo?”, etc. etc.). Estaba a cargo de Rosendo Cruero.

⁷⁵ Outros debuxos de Castelao tiñan aparecido en GALICIA os anos 1909 e 1910.

seu activo correspondente Prudencio Canitrot; e aínda que, como dicíamos, deixouse a información regular sobre o resto de América, en veces publicábanse traballos referidos á nosa emigración en diferentes áreas, incluíndo Castela, Cataluña e Portugal.

Alguns dos pseudónimos asinantes de traballos son: Xan, Fuco de Tabeayo, Pardo de Cela, Lucas Celta, K. Zolo, Xan Cirolas, Ramón da Peneda, Eurípides, Tiberio Sampronio, Tartarín, O gaiteiro de Penalta.

Uns datos a xeito de resumo poden achegarnos máis a esta revista: coa sinatura de Basilio Álvarez publicáronse vinte e cinco traballos; uns vinte publicou Murguía; sete son de Eugenio Carré Aldao, referidos ó idioma e á literatura galegos; Sigüenza escribiu, en ambos os idiomas, sobre os máis variados asuntos; e Mercedes Vieito, á parte outros temas, ocupouse da muller galega.

30. GALICIA EN AMÉRICA

Decenario bilingüe, de breve vida, fundado e dirixido polo poeta Eduardo Núñez de Sarmiento, o ano 1904⁷⁶. Propoñíase ser voceiro das diversas comunidades galegas asentadas no continente americano. Non chegou a acadar tal obxectivo.

31. GALICIA GRÁFICA

Revista semanal bilingüe, dirixida por Ramiro García⁷⁷, e administrada por Francisco G. Mouriño. Empezou a publicarse o 9 de agosto de 1913, cunha tirada de cinco mil exemplares. Saíron uns quince números. A pouco de ser fundada, constituíuse unha sociedade anónima co mesmo nome, que presidía José Méndez Parada, dono dun tren de lavado e anunciante principal nas páxinas deste semanario.

Aínda que sinalamos que é bilingüe, en galego soamente apareceron uns poemas de Filomena Dato Muruais, Cristina G.

⁷⁶ Antes fundara e dirixira *La Región*, *El Quijote* e *El eco español*, amais de colaborar en diversas publicacións habaneiras.

⁷⁷ O mesmo que en 1916 fundara *Galicia nueva*. Tamén se desempeñou como xerente de *Heraldo de Cuba*.

Rosetti, M. Gondell Linares e Domingo J. Freijomil. Nas edicións do 27-9 e do 4-10, dese mesmo ano de 1913, publícanse dous sonetos de Ramón Cabanillas, en castelán, alaudando a Rodríguez Bautista e a Avelino Pérez⁷⁸, dirixentes do Centro Galego.

Asinados por Fray Roblanto, J. Cea, G. de Andrade, Adolfo Mosquera, F. Mirabent, Marcos Díaz, Abdón Rodríguez Santos, Guillermo Troitiño e outros, insértanse traballos en prosa, de variado contido, que abranguen arte, modas, a guerra cos árabes, as loitas de Basilio Álvarez...

A revista é verdadeiramente gráfica, pois das súas vinte e catro páxinas, oito están dedicadas a reproducir fotografías impresas en papel semicromado de paisaxes, monumentos e personalidades do país galego.

Publícase en cada número unha curiosa “Historia cómica de Galicia”, en castelán e asinada coas iniciais de D.J.H. Nela aparecen en solfa, cregos e caciques, e algunhas xentes da colectividade galega de Cuba.

Inclúense noticias chegadas de Galicia, amais das crónicas remitidas polos correspondentes Uxío Carré Aldao, da Coruña; Manuel Amor Meilán, de Lugo; e Xesús Rey Alvite, de Santiago.

32. GALICIA GRÁFICA

Revista ilustrada, bilingüe, da que saíron soamente dous números, o ano 1923. Estaba dirixida por Miguel Fernández Seijo⁷⁹.

⁷⁸ “Siempre en defensa de la causa justa, / sencilla, donairoso, campechana, / habla en el Centro el alma galiciana / cuando se deja oír su voz robusta; // y si a veces irónica y adusta / combate con valor tendencia insana, / queda en la cara del traidor, villana, / la cárdena señal de hiriente fusta. // Con ardiente entusiasmo, con fe ciega, / milita en el partido “Acción gallega” / por amor al natal suelo lejano. // Y, ajeno al trapicheo y la tramoya, / es el sillar más fuerte en que se apoya / nuestra colonia en el vergel cubano”.

⁷⁹ Nese mesmo ano fundábase na Habana a importante revista dos emigrados canarios *El guanche*, xa mencionada.

33. GALICIA ILUSTRADA

Revista quincenal, bilingüe, “*científica, literaria, artística y humorística*”, que comezou a publicarse o 19 de setembro de 1891, dirixida por J. Romero Híñez de Freyre; tiña como redactor xefe a Julio de la Cuesta, e administrárona sucesivamente Miguel A. Matamoros e Marcelino Vidales.

Comeza cunha presentación, en verso, na que vai reseñando os seus postulados:

*“Hablaré con frecuencia y sobre todo,
de asuntos relativos a mi patria;
de aquella hermosa tierra que el Cantábrico
con sus olas rugientes besa y baña.
Y será mi cuidado preferente,
aquel en que pondré toda mi alma,
trabajar por la gloria de Galicia,
por su nombre, su dicha y por su fama...”*

Publica artigos sobre cuestións literarias e filosóficas, poemas en castelán loando o país galego, temas femininos, actividades dalgunhas institucións galegas de Cuba, noticias recibidas de Galicia, crítica teatral (que asinan, alternativamente, Don Saturno e Campanone).

Como colaboradores aparecen Andrés Aneiros Pazos, Carlos B. Figueredo, César de Madrid, Rómulo de Aifos, Julio de la Cuesta, Ramón de Godoy, Cástor Villasuso, José J. Marqués e outros.

Nos poucos números que chegaron ás nosas mans, soamente vimos en lingua galega o poema “Chegada”, de L.U. Gris⁸⁰, amais de citas intercaladas en traballos en castelán.

34. GALICIA MODERNA

Semanario, “*de intereses generales*”, bilingüe, fundado e dirixido por José Novo García (quen, en 1892 dirixiría tamén

⁸⁰ Un dos pseudónimos de Manuel Luguís Freire.

Aires da miña Terra. A cargo da administración aparecen os editores Ruíz y hermanos, donos da imprenta La Universal. Comezou a publicarse o 3 de maio de 1885, e desapareceu a finais de 1888.

Nos seus case catro anos de vida, cumpriu con acerto unha etapa importante da prensa galega de Cuba. Mantiña unha sección de noticias chegadas da Galicia territorial, ó tempo que informaba da actividade múltiple das institucións da emigración, principalmente do Centro Galego e da Sociedad de Beneficiencia.

Publicou boa parte das “Cartas a un obrero”, de Concepción Arenal; diversos traballos de Manuel Murguía; unha serie titulada “Gallegas distinguidas” (Rosalía de Castro, Emilia Quintero, María Pita, Inés de Castro, Narcisa Pérez de Reoyo, Sofía Casanova, María Castaña...); reseñou con amplitude a morte de Rosalía, e organizou unha subscrición popular na Habana que tivo grande acollida para lle erguer un mausoleo no cemiterio de Padrón.

Ocupouse de temas variados, principalmente referidos a Galicia: filoloxía, historia, literatura e outros. Abundaba a poesía e a prosa narrativa en castelán. Anunciaba a publicación de libros galegos, e incluía reseñas sobre teatro e artes plásticas. Amais das semblanzas femeninas citadas, incluía tamén as de homes ilustres do país galego.

Unha mostra da calidade deste semanario é a nómina de autores dos traballos nel publicados: Amor Meilán, Francisco Añón, Concepción Arenal, Barcia Caballero, Alfredo Brañas, Rosalía de Castro, Manuel Castro López, Curros Enríquez, Filomena Dato, A. García Ferreiro, M. Lugrís Freire, Labarta Pose, Lamas Carvajal, Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Pastor Díaz, Rodríguez Seoane, Vesteiro Torres, Benito Vicetto...

É notable a presenza do idioma galego, sobre todo en canto á poesía. Amais dalgúns nomes xa citados, aparecen neste xénero os de Lisardo Barreiro⁸¹, Xan Caabeiro, Alberto Camino, Pío Lino Cuíñas, Domingo Devesa, Maximino Fernández, R. Rivera, Lisardo Rodríguez, Eladio Rodríguez González, Albino Simón, Xavier Valcarce, e os que asinan cos pseudónimos de Cascaret, G. Sus e Xan (outros pseudónimos, asinantes de artigos en castelán son:

⁸¹ Entre outros traballos publica un extenso poema de loanza a Víctor Hugo.

Hache, Pilades, K. Inzo). En prosa galega publicáanse narracións de Manuel Lugrís, Antonio de la Iglesia, Francisco de la Iglesia, R. Pesqueira Crespo e algún outro.

35. GALICIA NUEVA

Tabloide decenal, bilingüe, que comezou a publicarse o 5 de xuño de 1916. Non aparece o nome do director, pero, obviamente, desempeñaba tal función o avogado coruñés Eugenio Mañach, nese tempo presidente do Centro Galego. El era quen asinaba os editoriais, todos eles cun título común, por certo algo fachendoso: “*Habla el Maestro*”.

No edificio do Centro radicaba a Caixa de Aforros da institución. Legalmente era unha entidade autónoma. Contra ela e os seus directivos arremetía este periódico dende o primeiro número e a primeira páxina. Denúncianse manexos avoltos, especulacións, trampulladas. Hai ata un extenso manifesto, que se reproducía unha e outra vez, dirixido ós emigrantes que traballaban no porto da Habana. Decía: “*Compatriotas: este periódico lucha por vosotros, por vuestro mejoramiento y por vuestros derechos*”. E logo: “*Paisano, los automóviles de los santones fueron comprados con el dinero que a ti te han robado*”. E na derradeira, unha arenga na nosa lingua: “¡Traballadores! ¡Labregos! ¡Mariñeiros! ¡Fuxide dos santós! ¡Nada de Caixas! ¡Ide ós Bancos, á fonte limpa!”.

Insértanse traballos en contra do caciquismo en Galicia; un comentario sobre *Vento mareiro*, de Cabanillas, por Antonio Rey Soto; cartas de Basilio Álvarez, dende Madrid; poesías en galego de Cabanillas, Francisca Herrera Garrido e Bernardo Bermúdez Jambrina.

Amais de Mañach, aparecen artigos asinados por Ramiro García, Manuel Barral, Antonio Tato, Guillermo Cedrón, Bernardo Rodríguez, R. del Alamo, Ignacio Ares de Parga, Cirilo Villegas, Joaquín Pesqueira... Tamén unha extensa carta de Ramón Cabanillas, en galego.

36. GALICIANO, EL

Periódico mensual de pequeno formato, escrito en castelán, que se autodesigna “*Órgano oficial y viril de la Sociedad Cívica ‘Juventud de Galicia’, que dice lo que siente y lo que siente lo escribe porque lo que escribe es verdad*”. Dirixeo Arsenio Villate e adminístrao Benito Hernández. Comezou a publicarse en xullo de 1956.

Como voceiro que era dunha agrupación partidista de oposición, do Centro Galego, sostiña unha crítica constante en contra dos que rexían a entidade, en veces en termos carraxentos e de pouca altura. Estaba á marxe do acontecer da Galicia territorial.

Máis alá dos problemas do Centro, este pequeno periódico publica poesías de José Martí e de Juan de Dios Peza; traballos sobre feitos históricos de Cuba e de xestos dos próceres da independencia; noticias sociais, que se refiren, fundamentalmente, á programación de excursións a zonas da provincia de Pintar del Río; algúns temas médicos; informacións sobre da coral Saudade, etc. Aparecen colaborando os nomes de Verena Rivas, R. Soto Paz, Juan Giró e Francisco Riverón.

37. HERALDO DE GALICIA

Semanario tabloide, bilingüe, fundado o ano 1919. publicouse con certa regularidade durante uns catorce anos, dirixido por Manuel Fernández Doallo, quen tamén dirixiu un tempo a importante revista *Eco de Galicia*.

Este semanario (“*consagrado a los intereses del pueblo galiciano y paladín de la colonia gallega en Cuba*”), ten como colaboradores a Sinesio Fraga quen se ocupaba da sección “Preludios”, José Lesta Meis, Rafael Villaseca, Benito Rivadulla, e outros. Insértanse poesías e narracións en galego de diversos autores. Trata criticamente os problemas de Galicia; combate a continuación da guerra colonial española en Africa; informa sobre aconteceres galegos das catro provincias e da emigración. En veces refírese, con acerto, a cuestións de política internacional. Aparecen, como únicas ilustracións, algunhas caricaturas feitas por Vidales Tomé.

38. HERALDO ORTIGUEIRÉS

Revista trimestral que se edita entre febreiro de 1941 e xuño de 1959, como órgano oficial da Asociación de Beneficencia Naturales de Ortigueira.

Nos primeiros tempos dirixiuna José Abella Teijeiro; tiña como xefe de redacción a Antonio Couzo García, a administrábaa Andrés Penabad. Logo foi dirixida por Enrique Abesú, e, nos últimos anos, por Vicente Pérez Balteiro.

É a típica revista dunha institución de emigrantes, con fotografías de meniños sorrindo, rapazas que festexan os seus quince anos, parellas de noivos, noticias do asociado con sorte que puido viaxar ó país natal, vodas de prata e de ouro, nacementos, necrolóxicas...

Está escrita totalmente en castelán, e, amais das actividades da asociación, adoita incluír breves traballos referidos á vila de Ortigueira, efemérides cubanas, algunhas biografías de homes célebres, así como temas xurídicos, históricos, pedagóxicos, de ocasionais colaboradores como Rafael Armada, Víctor Manuel Heras, Antonio Gómez, Pablo R. Fresno, Bonifacio Roiz, e algúns outros.

39. IDEAL GALLEGO

Quincenario bilingüe do que soamente viron a luz dous ou tres números, o ano 1909. Estaba dirixido por Casimiro Fernández⁸².

40. IDEAL GALLEGO

Periódico decenal, escrito en castelán, que comezou a publicarse en xullo de 1926. Autodefiníase como “*Paladín de la cultura y defensor de la colonia gallega de Cuba*”. Dirixíao José M. Sánchez Brea, e era o seu xefe de redacción Rafael Romano.

⁸² O mesmo que, con Adelardo Novo, editou o *Almanaque Gallego*.

Saiu o derradeiro número en agosto de 1928, para dar paso a unha revista do mesmo nome e co mesmo director.

Informaba con certa amplitude sobre das actividades das institucións galegas de Cuba. Tamén ofrecía noticias diversas recibidas de Galicia, entre as que daba preferencia ás de carácter cultural (homenaxe a Cabanillas con motivo de ser nomeado académico; eloxio de Manuel García Barros polo seu facer no periódico estradense *El emigrado*; colocación da primeira pedra do monumento a Curros Enríquez, en Celanova... amais de traballos referidos a paisaxes, costumes, literatura). Aínda que escrito en castelán, defendía a lingua galega.

Os seus principais colaboradores asinaban cos pseudónimos de KE-VE-DO, Xoa Carabuñas, Porriño.

Nas súas páxinas analizábanse os problemas das asociacións mutualistas maiores: Centro Galego e Hijas de Galicia. Facíanse críticas e proposicións, con enerxía, pero sen esbardalladas.

41. IDEAL GALLEGO

Revista mensual ilustrada, bilingüe, continuadora do periódico do mesmo nome. Comezou a publicarse en agosto de 1928, e o derradeiro número que vimos é do 15 de maio de 1930. Aparecía como “*órgano oficial del comité representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción*”.

Era o seu director-propietario José M. Sánchez Brea, e tiña como xefe de redacción a José Rodríguez Miranda. Despois dos primeiros números aparece tamén o nome dun sub-director: Celso Enrique Balsa. E consígnase que o administrador é Benjamín Martínez.

Trátase dunha publicación literaria, con algunhas colaboracións de calidade, aínda que sen maior transcendencia temática. Dá noticias das chamadas Sociedades de Instrucción, cuxa obra, que, como sabemos, era erguer e soste escolas en Galicia, comezaba a esmorecer neses anos da ditadura de Primo de Rivera. Fai crítica musical e de teatro; inserta algunhas notas “sociales”; publica semblanzas de escritores galegos; ten unha sección titulada “Motivos de Nueva York”, que escribe un tal

Pierre de Ramos, e dende a mesma cidade manda versos e debuxos Julio E. Berrocal; ocúpase dos dereitos da muller e doutros temas femininos.

É escasa a presenza do idioma galego: versos de Carmen Prieto Rouco, e traballos ocasionais, en prosa, de Pepe D'a Costa e Fuco Gómez. O máis interesante é a sección fixa titulada “Fungueirazos” que, entre outros temas, critica algúns aspectos da xestión do Centro Galego. Está asinada co pseudónimo de H. de Pesar.

A revista aparece ilustrada con fotografías de paisaxes, monumentos, etc., así como dalgunhas escolas financiadas dende Cuba polos emigrantes. E co título de “Cousas gallegas” publica debuxos de ton crítico-costumista (con marcada influencia de Castela) asinados por un tal “Banda do Río”. Tamén se insertan caricaturas de tipos populares, galegos e cubanos, asinadas por Evelio, Román, René, Bellver e Conffeti.

En castelán vemos traballos de Wenceslao Gálvez, Manuel Mouriño, G. Barral, Josefina Bellavista, José Pradera, Flora Agüero, Carmen Lastra, Waldino Rodríguez, Secundino Baños e Adolfo Anta Espoz.

Aínda que se di que é “órgano oficial” do Comité de Sociedades de Instrucción, non se dedica un espazo amplo e sostido a este tema. Só de vez en cando aparece algunha noticia, a fotografía dalgunha escola, o cambio de directiva nunha destas institucións...

42. JUVENTUD GALLEGA

Publicación bilingüe que naceu e morreu o ano 1905. Estaba dirixida por Pascual Aenlle Aguiar. Soamente chegaron a nós estas mínimas referencias.

43. LABOR GALLEGA

Revista ilustrada, bilingüe. Fundouna e dirixiuna Juan Vicente Martínez Quelle. Comezou a publicarse quincenalmente o ano

1913, como “*Órgano de las Sociedades Gallegas de Instrucción*”⁸³. A partir do 15 de maio de 1916 segue ocupándose das actividades destas institucións, pero non aparece como voceiro delas. Ademais, agora é decenal, e ó nome do director engádese o do administrador: Francisco Barral.

É unha publicación de notable calidade artística e literaria⁸⁴. Inclúe temas de historia e de xeografía de Galicia; literatura, música, e arte en xeral, galegos; información bibliográfica; traballos sobre Chané, Curros Enríquez e Castelao, por A. González Besada. Dedícase un número monográfico a Concepción Arenal e outra a Chané. O caciquismo, as loitas sociais e a laboura de “Acción Gallega” tamén están presentes nestas páxinas. En castelán destacan as poesías de José M^a Calveiro e Arturo Piñeiro, os artigos de Pablo Pérez Constante, Senén Rendueles, Joaquín Pesqueira, Francisco Tettamancy, Juan Barcia Caballero, e o propio Martínez Quelle, Rodolfo Prada colabora dende Buenos Aires, e dende a Galicia territorial chegan moi segido interesantes crónicas de Victoriano Taibo (Santiago), Concepción Rocafull (Ourense), e Delfín M. Estévez (Vilagarcía); tamén aparecen cartas de Sofía Casanova, recibidas dende Varsovia, onde mora.

Abundan e son de calidade os traballos en galego. Hai poesías de Pondal, Lugrís Freire, Eugenio Carré Aldao, Bernardo Bermúdez Jambrina, Heraclio Pérez Placer, Avelino Rodríguez Elías, José Pérez Ballesteros, Victoriano Taibo, Emiliano Balás, E. Vázquez, S. T. Solloso, José Rey González, e outros, amais de seis sonetos de *Vento mareiro* (libro publicado por primeira vez na Habana, en 1915), de Ramón Cabanillas; narracións de Joaquín Arévalo, Rodríguez Elías e Félix Tomé. Destacan, por outra banda, un artigo de José M^a Gil López, sobre a nosa lingua, e outro de José Lamas, referido á creación das Irmandades da Fala. Aparecen tamén cántigas populares.

Algúns traballos están asinados cos pseudónimos de Jotabe,

⁸³ En 1916 había na Habana 64 sociedades dedicadas a fomentar a instrución en Galicia, que xa ergueran e sostiñan á beira de cen escolas, as máis delas na provincia de Lugo.

⁸⁴ Mostra: na edición do 25-5-1916 publícase por vez primeira “Cantiga de vellas”, de Valle Inclán. Hai unha nota ó pé que di: “poesía desconocida”.

Goalito, Paco de Canido, Kelle e Markelll (os dous últimos son do director).

Na edición do 10-6-1915 comeza a publicarse, en separata, unha “Instrucción técnico-higiénica relativa a la construcción de escuelas”, acompañada de diversos planos e indicacións⁸⁵.

Amais de fotografías paisaxísticas e monumentais de Galicia, abundan as ilustracións orixinais: debuxos de Francisco Lloveras, Zas, V. Díaz González, González Prieto; caricaturas feitas por Barros e por Lourido, e de Castelao algunhas *Cousas*, tres debuxos de cegos e un da serie de músicos populares.

44. LAR

Tabloide mensual, bilingüe⁸⁶, que se publicou entre xullo de 1940 e febreiro de 1941. Era órgano do partido Unión y Defensa, do Centro Galego. A súa aparición cadrou coa campaña electoral da institución. Dirixíao Eladio Vázquez Ferro, e administrábao Andrés Durán.

O contido era esencialmente electoralista, en defensa da agrupación que representaba⁸⁷. Dedicábase a atacar a colectividade rival, Hermandad Gallega, e ó seu secretario. Tras deste enfrontamento achábanse, dende dous anos, as tendencias ideolóxico-políticas motivadas pola Guerra Civil Española. Afirmación y Defensa estaba co franquismo, mentres que a Hermandad era republicana.

Aparecen asinados traballos, á parte dos do director (que por veces utilizaba o pseudónimo de Evefê), por Ramón del Campo, Manuel Otero Cores, Ramón Toubes, Juan Rodríguez Fuentes, Adrián Ponte, Xan do Garrote e outros. Máis alá dos fins específicos,

⁸⁵ Vai unida á revista e forma parte da “Biblioteca de LABOR GALLEGA”. (Talvez fose un proxecto de Martínez Quelle que non chegou a consolidarse).

⁸⁶ En realidade era case unilingüe (en castelán), pois en galego soamente aparecían algúns chistes, algúns diálogos irónico-festivos contra da Hermandad Gallega, rival político do partido que editaba esta publicación.

⁸⁷ Era o mesmo partido de Cayetano García Lago, presidente do Centro, a quen sucedería, despois das eleccións, Juan Varela Grande.

inclúense algunhas poesías de Rosalía, e lóase a obra filantrópica de Concepción Arenal.

Na derradeira edición dáse a entender que saíría novamente, e que sobre tal reaparición tiñan a palabra os socios. Que saibamos non volveu saír.

45. LOITA

Periódico tabloide mensual, bilingüe, órgano de Hermandad Gallega (partido dos asociados do Centro Galego que loitaban pola democratización da entidade). Estaba dirixido por Xerardo Álvarez Gallego e administrado por Xosé Villariño Roca. Comezou a publicarse en decembro de 1939⁸⁸. Vimos dez números.

Ocupábase, fundamentalmente, dos problemas do Centro Galego, criticando a xestión de Cayetano García Lago e o seu equipo, de signo fascista. Hai traballos de Basilio Álvarez, Xerardo Álvarez Gallego, Roberto Blanco Torres, Francisco Almoína. En galego, poesías de Añón, García Lorca, Blanco Amor, Ernesto Pérez Guerra, e páxinas en prosa de Castelao, Otero Pedrayo e outros. “Cartas del otro mundo” é unha curiosa sección na que ilustres emigrantes mortos comparan e analizan o devir do Centro. Hainas de Waldo Álvarez Insua, Adelardo Novo, Manuel Lugrís Freire, Francisco Ponte (unhas en galego e outras en castelán, probablemente escritas todas por Álvarez Gallego).

En xullo de 1940 saíu un número extraordinario, de 28 páxinas, para conmemorar o Día de Galicia. Nel aparecen reseñas sobre institucións galegas como a Asociación Iniciadora da Academia, Hijas de Galicia, clínica La Benéfica, Unión Barcalesa; traballos de Manuel Murguía, Rodolfo Prada, Rafael Suárez Solís, Manuel Millares Vázquez, J. Rubia Barcia, Arturo Cuadrado; un conto de Valle Inclán, poemas de Ánxel Lázaro, semblanzas de José Fontenla Leal, Antón Villar Ponte, Enrique Lister; e un relato de Otero Pedrayo.

⁸⁸ O partido fundárase o ano anterior e tivo un grande éxito nas eleccións do 1-1-1939, en boa medida grazas á presenza de Castelao, quen colaborou intensamente na campaña electoral.

Entre outras ilustracións, aparecen en LOITA debuxos de Castelao, Maside e Bagaría.

46. NÓS

Periódico mensual, escrito en idioma galego, “Órgao da Xuntanza Nazionalista Galega d’Habana”, do que saíron soamente uns oito números, o ano 1921⁸⁹.

Estaba dirixido polo músico ortigueirés Sinesio Fraga Vila. O seu contido era radicalmente nacionalista. Afirmase en cada editorial a identidade histórica de Galicia como nación e proclamábase o seu dereito á independencia.

Inclúense leccións de Gramática Galega, noticias do movemento nacionalista, saúdos e artigos recibidos dende Galicia entre os que destacan os asinados por Antón Villar Ponte e por Valentín Paz Andrade poesías de Rosalía de Castro, Victoriano Taibo e Gonzalo López Abente. Hai seccións fixas cos títulos de “Novas da causa” e “A nosa nazonalidade”.

Á parte dalgunhas notas asinadas con pseudónimos como Fuco Tapico, F. da Cruña e algún outro, *Nós* estaba redactado polos integrantes da Xunta Nazionalista, que eran: Conselleiro Primeiro: Andrés R. Orjales; Viceconselleiro: Fuco G. Gómez; Secretario: Tomás R. Sabio; Vicesecretario: Xosé Arias Portela; Tesoureiro: Aurelio Selas; Contador: Camilo Díaz Seoane; Bibliotecario: Sinesio Fraga Vila; Vogais: Xavier Pardo, Aristides Estévez, Xoán Barreiro, Adonis Morón e Baltasar Edreira.

47. PATRIA GALEGA

Periódico de pequeno formato, mensual, bilingüe. Nos primeiros anos foi “*Órgao ofizial do Juntioiro do mesmo nome*”, e máis tarde “*Voceiro da Galiza lídima*”. Fundouno e dirixiuno

⁸⁹ Cando deixou de publicarse tivo como continuadora a revista mensual *Terra gallega*.

Fuco G. Gómez, e tivo nun tempo como administrador a Cándido Navarro, e logo a Ramón Vidal. Publicouse entre nadal de 1941 e nadal de 1960.

Mantivo sempre unha rexa posición nacionalista. Nos seus postulados iniciais sinala que patrocinará toda obra encamiñada a crear nas colectividades de América unha conciencia galega; axudará á muller emigrante; levará a cabo unha obra cultural e benéfica; loitará por unha Galicia próspera e cívica. Para isto propónse organizar diversos concursos, divulgar os valores galegos mediante exposicións, conferencias, emisións radiais, etc., para acadar “a dignidade cidadana dos galegos e o prestixio e o progreso da Nación de Breogán”. Di, ademais, que a publicación “dará aos fillos da Galiza argumentos cos que poidan combater aos seus seculares difamadores”.

Era un periódico que levaba pegada batalladora do seu director e casamente único redactor⁹⁰. A parte del só vemos os nomes de colaboradores ocasionais como José Vázquez Bedia, Pedro Martínez e algún que outro poeta latinoamericano.

Se ben aparecen moi seguido traballos en galego (temas doutrinarios, notas lingüísticas⁹¹, contos populares, poesías) é evidente que PATRIA GALEGA se propón incidir na opinión pública cubana en canto ós problemas históricos e políticos de Galicia. Isto revélano títulos como: “El españolismo es la negación de la confraternidad”, “Pérdida de la soberanía de Galicia”, “España no es Iberia”, “Galicia confía en sus hombres”, “La hispanidad, ardid de imperialistas”, “Desde Isabel I a Franco”, “Hespaña, mito e fización”...

Destácanse acotío as figuras de Rosalía de Castro e de José Martí. O director sentía moita devoción polo Heroe Nacional de Cuba, ó que dedicou diversos artigos⁹².

Hai unha serie titulada “Figuras de América”; outra (en galego), referida ós meses e estacións do ano; apuntamentos

⁹⁰ Amais dos traballos que asinaba co seu nome, utilizaba os pseudónimos de Enxebre Justiz, Verlio Cruxol, Galeno da Galiza, Home d’Honor, e outros.

⁹¹ Fuco era un apaixonado da lingüística, a partir da súa *Grafía Galega* (moi discutible), editada na Habana en 1926.

⁹² En 1954 publicou o libro *Martí, guía de almas*, no que recolle estas e outras páxinas.

nacionalistas co rótulo de: “Dando en el clavo”; algúns poemas en catalán, e cartas que Fuco recibía de diferentes países e de lectores que simpatizaban co nacionalismo galego.

48. PATRIA GALLEGA, LA

Revista semanal ilustrada, bilingüe, “*órgano de los intereses gallegos en la Isla*”. Era o seu director José Bargueiras, e estaba administrada por Manuel Rodríguez. Fundouse nos comezos de 1912, e chegou, cando menos, ó número 72 (o derradeiro que puidemos consultar).

Esta publicación ocupábase, fundamentalmente, dos múltiples problemas do Centro Galego, que, nese tempo, con sanatorio, caixa de aforros, teatro, colexio, ducias de delegacións no interior do país e un grandioso pazo social en construción, era unha empresa moi complexa. Dedicaba dúas páxinas a noticias de Galicia; rexistraba, en veces, a actividade das sociedades galegas da Habana; publicaba artigos sobre temas variados, en castelán, coas sinaturas, entre outros, de M. Gómez Cerdido, Mariano Llurel, M. Carrillo Cortizas, Nicolás R. López e Ramón Castiñeira (outros aparecían cos pseudónimos de Jotabe, Teodoble, Un fraile e P. Tardo). En galego hai un conto de Asieumedre (Manuel Lugrís Freire), e poesías de Rosalía, Curros, Salvador Golpe, Xan Labrada, M. Carrillo, E. Lumia e Barcia Caballero.

49. PRO-GALICIA

Revista mensual ilustrada, bilingüe, “*editada por la Federación Galaica, organismo integrado por las sociedades constituídas en la Isla de Cuba para el fomento de la instrucción en Galicia*”.

Tiña arredor de cincuenta páxinas e alcanzaba unha tirada de cinco mil exemplares. Non aparece consignado (como era usual) o nome do director, nin tampouco os do xefe de redacción e do administrador. Comezou a publicarse en agosto de 1912. Vimos soamente catro números⁹³.

⁹³ É posible que non saísen moitos máis, pois o ano seguinte comezou a

Nas súas primeiras páxinas dá conta dos esforzos e dos logros das chamadas Sociedades de Instrucción⁹⁴. Inclúense regularmente, presupostos, actividades, acordos. Trata tamén temas literarios, pedagóxicos, migratorios, históricos, sanitarios. Reproduce cadros de Sotomayor, fotografías de escolas patrocinadas polos emigrantes, e de paisaxes, monumentos, personalidades galegas: Manuel Murguía, Prudencio Canitrot, Armada Teijeiro, Enrique Zas, Chané, Canalejas, Concepción Arenal, Curros... Ten unha sección de noticias chegadas de Galicia, moitas delas remitidas por un correspondente chamado Andrés Prieto.

Entre os nomes dos colaboradores aparecen José Ramudo, J. Riguera Montero, José Pego, Prudencio Canitrot, José Lapique, P. Doval, Luis Antón de Olmet, C. de Santalla, Adelardo Novo, J. A. Pernas e Martínez Quelle.

É escasa a presenza da lingua galega nos números que vimos. Apenas algunhas poesías de Curros Enríquez, e uns curiosos versos, a xeito de canción, do ilustre publicista cubano Joaquín N. Aramburu, que levan o título de “Gaiteiriño pasa”, e ós que lles puxo música Chané.

50. RAZA, LA

Publicación efémera, dedicada a resaltar os valores diferenciais de Galicia. Fundouna Jesús Peynó, o ano 1913⁹⁵. Non dispoñemos de máis información.

editarse, quincenalmente, *Labor gallega* (dirixida, como queda dito, por Juan Vicente Martínez Quelle), como “órgano de las Sociedades de Instrucción”. Todo fai supoñer que se trata dunha publicación continuadora desta que nos ocupa. Martínez Quelle viña colaborando en *Pro Galicia*, en veces coas iniciais J. V. M. e outras co pseudónimo de Markell.

⁹⁴ Nese ano de 1912 eran xa 50 Sociedades de Instrucción.

⁹⁵ O lugués Jesús Peynó, inqueda publicista, viña dirixindo entón *Vivero en Cuba*. Ese mesmo ano fundou, con Enrique Zas, *La región gallega*, e con Ricardo Carballal botaría a andar a breve *Suevia* de 1916.

51. REGIÓN, LA

Revista bilingüe de intereses xerais galegos, fundada por Eduardo Núñez Sarmiento o ano 1895. Editáronse soamente dous ou tres números⁹⁶.

52. REGIÓN GALLEGA, LA

Revista mensual, bilingüe, de curta vida. Trataba temas galegos diversos, dunha e outra banda do mar. Publicouse ó longo do ano 1913. Estaba dirixida por Jesús Peynó e Enrique Zas.

53. REGIONAL GALLEGO, EL

Semanario bilingüe de breve andaina, que se publicou en 1892. Era voceiro dun grupo de asociados do Centro Galego, que sostiñan unha tendencia opositora á administración que encabezaba Adolfo Lenzano. Os ataques fan dirixidos tamén contra Fidel Villasuso, presidente honorario, e contra Ramón Armada Teixeira, vencellado á institución no desempeño de tarefas diversas.

54. REVISTA DE GALICIA

Revista mensual, bilingüe, que, pese ó empeño patriótico dos que a fundaron, José Fontenla Leal⁹⁷, e Secundino Cores, logo deixou de saír. Comenzou a publicarse en 1886, ano de certa significación para os galegos de Cuba pois nesas datas aparecía na Habana *O antroido*, un periódico festivo, e estreábase con éxito

⁹⁶ Non chegamos a ver exemplar ningún, pero amais de referencias diversas falounos dela, e tamén de *Galicia en América* (outra empresa efémera de seu pai), o poeta, heraldisa e carpinteiro de trencha fina Eduardo Núñez Martínez, *D'Arxellas*, fillo de Núñez Sarmiento.

⁹⁷ O mesmo que presidiría anos despois a Unión Redencionista Galega, e que sería o autor das iniciativas de crear a Academia e o actual Himno Galego, como levamos dito.

no teatro do Centro Galego a obra *Non máis emigración*, de Ramón Armada Teixeira. Un ano antes comezaran a saír *A gaita gallega* e *Galicia moderna*, dúas publicacións importantes.

55. ROSALÍA

Revista mensual ilustrada, bilingüe, que comezou a editar a Delegación do Centro Galego da Habana en Santiago de Cuba⁹⁸, en febreiro de 1937, coincidindo co centenario do nacemento de Rosalía de Castro⁹⁹.

Na presentación inicial anunciábase que “*la revista se titula ROSALIA en honor de la excelsa poetisa gallega, y además de la especialización en los asuntos sociales, tratará los temas científicos y literarios*”.

O acerto no deseño e bo coidado tipográfico, fan dela unha publicación moi atractiva.

Mes a mes informa sobor dos servizos médico-asistenciais que ofrece o sanatorio Concepción Arenal, da Delegación. Os doutores Idalberto Fajardo, Roberto Giró, Miguel Medina, Rafael Font e Tomás Padró tratan importantes temas das súas respectivas especialidades. Outros artigos, de temática variada, están calzados cos nomes de Manuel Otero, Maximino López, Manuel Esténger, Enrique José Varona, José R. Carracido. Publícase un extenso traballo de Ernesto Morales sobre Rosalía; poesías de José Martí, Luisa Pérez Zambrana, Andrés Eloy Blanco e Agustín Acosta¹⁰⁰. Unha importante sección é “De otras latitudes”, na que aparecen axeitadas notas bio-bibliográficas, e páxinas de e sobre Goethe, Heine, Kierkegaard, Turguenef, Kropotkin, Averchenko, Mirbeau, José Martí, Concepción Arenal, Jorge Brandés.

En galego insértanse poesías de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Lisardo Barreiro.

⁹⁸ Dende 1913, este importante Centro tiña 53 delegacións no interior da Illa.

⁹⁹ Vimos 12 números, pero non sabemos con certeza cando deixou de saír.

¹⁰⁰ Este poeta matanceiro, coa colaboración do galego Dámaso Pérez Valenzuela, traduciu *Follas Novas* ó castelán. Non chegou a publicarse.

ROSALÍA foi galardonada con Diploma de Mérito na Gran Exposición Internacional de Publicaciones Periódicas, celebrada na cidade cubana de Matanzas, o mes de nadal de 1937.

56. SANTOS E MEIGAS

Revista semanal ilustrada, bilingüe, fundada e dirixida por Ricardo Carballal e atendida, na orde artística, por Pedro Madrigal. Saía os domingos. O primeiro número publicouse o día 9 de agosto de 1908.

O nome está inspirado nunha zarzuela así chamada, de Manuel Linares Rivas, que se representou por aqueles días no teatro habaneiro Albisu¹⁰¹.

Anúnciase na primeira entrega o postulado de loitar no eido rexionalista, exaltando e defendendo a Galicia, os seus valores, o seu idioma. Os editores sinalan que consideran isto un deber pois terán de moverse nun “ambiente de emanacións patrias”.

Case a metade desta revista está escrita en lingua galega, cinguida, salvo mínimas excepcións, á expresión literaria. Hai poesías de Añón, Rosalía, Curros, Aureliano J. Pereira, Labarta Pose, Juan Barcia Caballero, Francisco A. de Novoa, Prudencio Rovira, Roxelio Lois e Antón Fabar, así como algunhas narracións, principalmente de Ricardo Carballal, o director. Tamén se publican cantigas e contos populares. En castelán aparecen artigos, de temática diversa, asinados por Emilia Pardo Bazán, Roberto Blanco Torres, José Braña Pose, J. Fernández Merino, Renato Ulloa e outros.

Algunhas seccións fixas ocúpense de: crónicas sobre actividades das institucións de emigrantes; noticias chegadas de Galicia; crítica teatral. E o “Buzón automático”, no que se mantén correspondencia cos lectores.

Chama a atención a convocatoria dun concurso literario para contos en lingua galega, anunciado na edición do 23 de agosto de

¹⁰¹ Denantes foran estreadas, no Teatro Tacón, as súas comedias *María Victoria*, *La cizaña*, *El abolengo*, e *El cuarto creciente*. Isto unido á zarzuela que motivou o nome da revista, déralle moita sona ó dramaturgo santiagués na capital de Cuba.

1908. Estaba dirixida, sobre todo, ós mozos emigrantes, co lema de “¡Rexurdan, rapaciños, rexurdan!”.

Non sabemos cando deixou de saír SANTOS E MEIGAS. Ás nosas mans chegaron soamente seis números.

57. SECANTE, EL

Periódico mensual (continuador de *La voz del alumno*), voceiro da Asociación de Alumnos do Plantel Concepción Arenal, do Centro Galego da Habana. Comezou a saír en novembro de 1942, dirixido por José A. García Antón. Era xefe de redacción Manuel Barreiro, e administrador Juan Riveiro. Nunha segunda etapa, que comeza en 1949, foi dirixido por Ariel de los Ríos Zambrana.

Trátase dunha modesta publicación, escrita en idioma castelán, que se ocupaba dos intereses propios dos estudantes: festas, deportes, premios, cine, barafullas sobre rapaces e rapazas... aínda que tamén abordaba problemas académicos, temas culturais, cuestións administrativas... A intención do título era esa: que collese de todo. Escribíano os propios estudantes, algúns galegos e o resto cubanos de ascendencia galega. Colaboraban, ocasionalmente, os profesores, sobre todo con traballos de contido pedagóxico.

En veces, como é natural, aparecían críticas de carácter diverso, e por iso en xaneiro de 1944 foi prohibida a circulación de EL SECANTE, co pretexto de que se alteraba a orde no Plantel. Isto motivou unha protesta enérxica do director ó presidente da Comisión de Cultura do Centro Galego, con bo resultado, pois o periódico seguiu saíndo sen maiores tropezos.

58. SUEVIA

Revista semanal ilustrada, bilingüe, que estaba dirixida por Ricardo Carballal e administrada por Manuel Vázquez. Comezou a publicarse o 4 de setembro de 1910 e deixou de saír de alí a dous anos. Aparecía os domingos.

É unha publicación literaria, que ó mesmo tempo informa da meritoria laboura das Sociedades de instrución. Ideoloxicamente mantén unha liña progresista, anticaciquil. Ten representantes en diversas poboacións do interior da Illa, correspondentes en Galicia, entre os que se achán Pepe Pedreira, da Coruña; Xaquín Sánchez, de Pontevedra; Manueliño do Alpendre, de Lugo, e A. Pita, de Ferrol.

No primeiro número aparece unha presentación ou “editorial” en verso. Di:

*“Las muchas revistas
(gallegas, advierto)
que en Cuba surgieron,
yo sé porque han muerto;
fue por la manía,
y estoy en lo cierto
(mejor dicho, estamos)
de hacer el saludo
con prosa al desnudo.
Hay mil maleficios
que tienen su cura
(y no de la iglesia,
que está un poco oscura);
y así por librarnos
de muerte segura,
el viejo saludo
que en prosa se hacía,
nosotros lo hacemos
en una poesía”.*

Saúda moi atenta ás sociedades galegas, ós paisanos en xeral, á prensa, e, na derradeira, engade:

*“Con SUEVIA tratamos,
sin otra prebenda,
de amar a Galicia
sin que a nadie ofenda;
honrar al gallego*

*que así lo merezca,
dejar en la nada
al que en ella crezca,
y que todos vivan
como les parezca...”*

Nos días en que comeza a saír esta revista, chegaba a Cuba Ramón Cabanillas (obviamente, os versos que vimos de reproducir, de boa intención mais de cativo feitío, non son del). O seu nome aparece deseguida entre os colaboradores¹⁰². Nela publica o seu primeiro traballo orixinal, que é tamén o primeiro del que sae na América¹⁰³. En total publica nestas páxinas uns quince poemas. Curiosamente, algúns deles nunca foron incluídos en libro polo seu autor.

En castelán aparecen poesías de Añón, Labarta Pose, Nan de Allariz, Sofía Casanova, Valle Inclán... e relatos asinados por Prudencio Canitrot, Ricardo Carbballal, José Lesta Meis, Emilia Pardo Bazán, Antonio Rey Soto, etcétera. Noutros traballos trátanse temas como rexionalismo, emigración, hixiene, folclore, teatro, bibliografía, feminismo. Aparecen varios artigos referidos á obra de Curros Enríquez.

En galego, amais dos poemas de Cabanillas, xa citados, inclúense outros de Curros Enríquez, Blanco Torres, Filomena Dato, Martín Díaz, Fernando Merino, Manuel Gondell, Francisco de la Iglesia, Alejandro Miguens, Manuel Núñez, Lisardo Rodríguez, Severino Solloso, Vaamonde Lores, Marcial Valladares e Nicasio Vidal Pita; e narracións de Ricardo Carbballal, Hermógenes de la Iglesia, L'Allabrac e Antón d'a Rianxeira.

Impresa en papel semicromado, ben deseñada e con atractivas ilustracións, resulta unha das máis logradas revistas galegas de Cuba.

¹⁰² Así o chaman cando, na edición do 10-11-1910 se dá a noticia de que o poeta saíu en barco para Sagua (no centro xeográfico do país), “en cuio pueblo deseamos que la salud, el oro y la alegría sean sus eternos compañeros”.

¹⁰³ (Denantes publicara soamente en *El Umia*, de Cambados, o 5-2-1907 a versión galega de “Morrerei no meu niño”, de Verdaguer). Trátase de “Lonxe”, que logo incluíría en *No desterro*, sin título. (Na O. C. editada polo Centro Galego de Buenos Aires, aparece titulada co primeiro verso: “Ventana d’ela, ventana”).

59. SUEVIA

Revista mensual, bilingüe, de curta andaina. Comezou e deixou de saír o ano 1916¹⁰⁴. Dirixiuna Jesús Peynó, coa colaboración de Ricardo Carballal.

Se ben Carballal (quen rexera a fermosa revista de igual nome, fundada seis anos antes) está vencellado a esta publicación, non pode entenderse como unha “segunda etapa”, ou nova xeira daquela. Sinxelamente é unha coincidencia acaso deliberada, iso si, no título.

60. TERRA GALLEGA

Revista escrita totalmente en idioma galego¹⁰⁵. Comeza a publicarse en 1921, como “Órgao da Xuntanza Nazonalista Galega d’Habana e paladín do honor da Raza Céltiga”. É continuadora de *Nós*.

Ostenta como lema unha frase de Fichte: “O signo da nazionalidade é o idioma”. Os seus postulados están contidos nun decálogo titulado “As novas táboas do nazionalismo galego”, que abrangue: autonomía de Galicia, autonomía municipal, co-oficialidade dos idiomas galego e castelán, igualdade de dereitos políticos e civís para a muller e para o home, repoboación forestal, entrega ós labregos das terras incultas do Estado, e outros, de claro contido nacionalista e democrático¹⁰⁶.

É unha revista ben impresa e coidada. Na sección “Novas da causa”, infórmase do movemento nacionalista galego. Aparecen

¹⁰⁴ Cadrou que ese mesmo ano comezou a publicarse en Buenos Aires unha revista co mesmo nome, dirixida por Joaquín Pesqueira.

¹⁰⁵ Incluídos os anuncios, entre os que aparece, curiosamente, o dun banqueiro.

¹⁰⁶ Como se pode ver, este “Decálogo” ten moita semellanza cos prantexamentos do Manifesto da Asamblea Nazonalista celebrada en Lugo o 18-11-1918. Con pequenas variantes, un ano despois de se ter publicado na Habana, insértase na portada de *A nosa Terra* (órgano das Irmandades da Fala), da Coruña, co título de “Decálogo do Nacionalismo Galego” (ver *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago, B. C. T., tomo 22, fascículo 343, páx. 107).

avisos e chamamentos para que os emigrantes se incorporen á institución arredista habaneira¹⁰⁷.

Publicanse traballos asinados por Fuco G. Gómez, Antón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Tomás Rodríguez Sabio, Camilo Díaz Baliño (de quen tamén se inclúen debuxos), Ramón Villar Ponte, Amaro de Villamelle, “Casa de Pedra”, José Arias Portela e outros.

Tamén se inclúen poesías de Ramón Cabanillas, Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Vicente Zamud, C. L. Parapar, Sinesio Fraga, Manuel Lugrís Freire...

61. TERRIÑA, A

Revista semanal, bilingüe, “*de información, recreo, ciencia e instrucción*”, que comezou a publicarse en outubro de 1908. Director: Luis E. Rey¹⁰⁸; xefe de redacción: Jesús Díaz; administradores: Gerardo Iglesias, e máis tarde Juan M^a Chenard.

Trátase dunha publicación ben impresa e de agradable tipografía. Vimos un total de 39 números. Tamén resulta atractiva na orde temática. Publica noticias de Galicia e das sociedades galegas de Cuba; aborda cuestións forais; combate o caciquismo; informa sobre teatro, literatura, música, efemérides.

Os máis variados temas son tratados por Abdón Rodríguez Santos, Pascual Aenlle, Roque de Barcia, Jesús Muruais, José B. Roca, M. Alvarez Marrón, Robustiano Armiño, J. Salgado, Valentín Baras, José Laureiro, D. Valenzuela e outros.

En lingua galega, amais de reproducir semana tras semana, fragmentos de *O catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, inclúense poesías de Rosalía, Curros Enríquez, L. S. Arthous, R. Lois, J. de Sotomayor, Joaquín Arévalo, Jenaro Mariñas, E. Billás, J. Barcia Caballero, Antonio Fabar e Noriega Varela¹⁰⁹.

¹⁰⁷ Un deses chamamentos di: “¿E vostede galego? Demostre o seu patriotismo sumándose á lista de socios da Xuntanza Nazonalista Galega d’Habana. Pode fixar a cuota mensual que vosté queira, e terá dereito a recibir o boletín *Terra gallega*”.

¹⁰⁸ O mesmo que fundaría a revista *Alma gallega*, en 1917.

¹⁰⁹ É curiosa a reiterada presenza nestas páxinas do poeta de *Montañasas*. Non abundan os seus poemas noutras publicacións galegas de Cuba.

62. TIERRA GALLEGA, LA

Semanario bilingüe, tabloide, fundado e dirixido polo poeta Manuel Curros Enríquez. Comezou a publicarse en abril de 1894, e deixou de saír en novembro de 1896. Administrouno Laureano Carrillo, agás nos dous meses derradeiros en que Curros asumiu a administración, na que foi secundado por José Baña.

O prestixio e as relacións que tiña o poeta na Península, explican a presenza nas páxinas do semanario de Aureliano J. Pereira, Luis Rodríguez Seoane, Aurelio Ribalta, Federico Maciñeira, Bernardo Barreiro, Jesús Rodríguez López... Outros nomes, dunha e outra banda do mar, aquí rexistrados, son Juan A. Freire, R. Balsa de la Vega, Camilo de Cela, Juan García Rey, Primo A. Pernas, J. Pascual López, Juan Fernández Merino. Abordan temas literarios, filolóxicos, históricos, folclóricos, artísticos, arqueolóxicos, etc.

A lingua galega está representada na poesía de Añón, Rosalía, Alberto Camino, Constantino Fernández, Alberto García Ferreiro, Eduardo Pardo, Ramón Armada Teijeiro e o propio Curros, que asina coas iniciais M. C. E.

Nunha sección titulada “Las cuatro hermanas” (obviamente referida ás catro provincias) aparecen abondosas noticias chegadas de Galicia. Tamén se informa do labor das diferentes institucións galegas de Cuba, en particular da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia e do Centro Galego¹¹⁰, con reseñas de servizos benéficos e estatísticas sobre asistencia médico-hospitalaria. Reprodúcense traballos de Teodosio Vesteiro Torres. Entre os anunciantes áchase un importador de viños galegos, e o músico José Castro, “Chané”, que ofrece clases de solfeo, canto e piano. Co rótulo de “Hijos ilustres de Galicia” aparecen páxinas, escritas por Curros, dedicadas a Manuel Becerra, Francisco Añón, Sofía Casanova, Filomena Dato Muruais, Aureliano J. Pereira e outros; van acompañados de retratos debuxados.

En febreiro de 1895, a poucos meses de se fundar LA TIERRA GALLEGA, estalou a Guerra de Independencia. O semanario maniféstase abertamente oposto á loita dos independentistas cuba-

¹¹⁰ Por esas datas aínda non xurdiran os conflitos do poeta cos directivos desta institución.

nos. En apaixonados editoriais arremete contra Máximo Gómez, Antonio Maceo e outros líderes. Semana tras semana publicanse, dende os campos de batalla, noticias de combates que son remitidas por diversos correspondentes¹¹¹. Tamén se ataca ós ianques, que están á espreita, dispostos a botarlle a gadoupa á Illa na primeira ocasión. Nisto, Curros albiscou o que tería de acontecer no remate da guerra.

Na edición do 18-10-1896, baixo o título de “Responsabilidad ministerial”, criticase a varadura do cruceiro *Princesa de Asturias*, sinalando o erro de o ter botado á auga nun estaleiro desaxeitado. O Gobernador colonial da Habana multou a Curros con vinte e cinco pesos ouro. A multa foi protestada e impuxéronlle outra, de cincuenta pesos. O poeta recorreu inutilmente ó Capitán Xeneral. O semanario deixou de saír.

63. TIERRA GALLEGA, LA

Publicación semanal, bilingüe, que comezou a saír o día 11 de abril de 1915. En total viron a luz cinco números. Na cabeceira, a xeito de lema, dicía: “*Programa: contra los farsantes*”. Era o seu director Roberto Blanco Torres, que daquela utilizaba o pseudónimo de Fray Roblanto¹¹².

O nome deste semanario vén da publicación homónima que fundara Curros Enríquez, e por iso na primeira entrega aparece un editorial-lembranza titulado “Un recuerdo al Maestro”, no que se di que despois de vinte anos sae outra revista co mesmo título, igualmente “*honrada y vital*”. Nunha segunda nota engade que se propón combater os “*elementos funestos e impopulares*” que hai no Centro Galego, amais de lles dar cabida ás colaboracións dos mellores escritores e poetas de Galicia, e ás cartas dos correspondentes designados nas catro provincias.

En realidade soamente se ocupou da primeira parte, pois eran moi seguidos e carraxentos os ataques á administración do

¹¹¹ Un deles, Primo A. Pernas, de Viveiro, morreu na fronte.

¹¹² Tres anos antes fundara *La alborada*, interesante publicación semanal.

Centro; deles non se librou nin o poeta Ramón Cabanillas, que nese tempo rexía o Teatro Nacional.

As críticas e denuncias estaban subscritas por “*un grupo de jóvenes gallegos, artistas enamorados de su tierra, que se han propuesto trabajar con todo entusiasmo por la dignificación de los coterráneos*”.

Hai unha poesía de Curros Enríquez, e traballos asinados por Abdón Rodríguez Santos, Atanasio Escolante, Francisco Sabio, e tamén por Xusto de Viveiro, X. e Lidoro. Con todo, sabemos que na súa maior parte o semanario estaba escrito polo director.

Na edición do 23-5-1915 publícase unha comunicación dirixida á Asamblea de Apoderados do Centro Galego, na que un grupo de dezaioito intelectuais emigrados (escritores, periodistas, artistas plásticos, profesores), entre os que están Blanco Torres, Fontenla Leal, Nan de Allariz e outros, protestan polo procedemento arbitrario seguido polo Centro para designar os membros da Sección de Bellas Artes.

Nalgunhas portadas publícanse caricaturas e debuxos satíricos con textos en lingua galega, firmados por “Kroyo”, ó parecer un pseudónimo do escultor José Saavedra.

64. TIO MARCOS, O

Efémora publicación mensual, bilingüe, da que segundo referencias saíron apenas tres números, o ano 1914. O seu nome estaba inspirado na revista ourensá *O Tío Marcos da Portela* (que rexera Valentín Lamas Carvajal entre 1876 e 1890). Tiña un ton satírico. Boa parte dos traballos eran da autoría do propio director, Alfredo Nan de Allariz¹¹³.

65. VIDA GALLEGA

Revista mensual¹¹⁴, bilingüe, editada pola Sociedad de Beneficencia de naturales de Galicia¹¹⁵.

¹¹³ Pseudónimo de Alfredo Fernández.

¹¹⁴ Tal se anuncia, mais a súa saída real foi moi irregular.

¹¹⁵ A institución galega máis antiga de América, que aínda conta con varios milleiros de asociados, os máis deles cubanos.

Comezou a publicarse en xuño de 1938, e saíu o derradeiro número en xaneiro de 1951. Estaba dirixido por Antonio do Campo y de la Fuente (bibliófilo e animador de actividades culturais galegas en Cuba), e tivo como administradores, sucesivamente, a Juan Varela Grande, José Fernández Mallo e Pedro García Amor. Ocupábase, fundamentalmente, de reseñar a vida da dita asociación. Nela tamén se incluían traballos de certa valía, referidos sempre a Galicia.

En lingua galega apareceron poesías de Rosalía, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, Pintos, Cabanillas, Rubinos, García Lorca, García Ferreiro, Benito Losada, Andrés Muruais, Eladio Rodríguez González; e narracións de Luguís Freire, Otero Pedrayo, Avelino Rodríguez Elías. O resto, en castelán, abrangue temas históricos, críticos, folclore, poesía, narrativa, teatro, viaxes. Resaltan as biografías (escritas polo director) de Rosalía, Curros, Juan Bautista Lembeye, Virginia Felicia Aubert, Ramón de la Sagra e outros.

Vencellados ás páxinas desta revista, como autores, áchanse tamén os nomes de Murguía, Valle Inclán, Ramón Fernández Mato, Evaristo Correa Calderón, Roberto Nóvoa Santos, Emilio Pita, Ramón Marcote, Isidoro Millán, Victoriano García Martí, Manuel Linares Rivas e Francisco Marcos Raña.

En cada caso trátase de traballos orixinais ou non ben escolleitos, en consonancia coa elevada sensibilidade galega de Antonio do Campo.

66. VIDA GALLEGA EN CUBA, LA

Revista trimestral, bilingüe, órgano oficial da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. Comezou a publicarse en xaneiro de 1951, e desapareceu en abril de 1960. Dirixiuna Antonio do Campo y de la Fuente, a quen sucedeu nos últimos números, José López Prado. O administrador era Adrián López García.

Foi continuadora de *Vida gallega*, fundada en 1938, pero con máis empaque e máis extensión que esta, pois ten chegado ás 70 páxinas, impresas en papel de boa calidade. Certo que unha parte importante do espazo empregábase en dar conta das actividades

da institución: actos, doazóns, obituarios, acordos, cambios de dirixentes, labor de comisións, estados económicos, movemento de asociados... todo isto con abondosos textos e fotografías, ó que se engadían os anuncios comerciais que axudaban ó financiamento da publicación.

Cabe subliñar que o resto do espazo era intelixentemente aproveitado, coa inclusión de interesantes traballos en castelán.

En galego soamente apareceron dous relatos, un de José Ibáñez Fernández, e o outro de José Rubinos. Os traballos en castelán referidos invariablemente, iso sí, a Galicia: historia, literatura, lingüística, xeografía, amais dalgúns contos e poesías están asinados por José Luis Bugallal, Julio Dantas, Wenceslao Fernández Flórez, Ramón Fernández Mato, Ramón Fernández Pousa, Prudencio Landín, Juan Naya, Emilia Pardo Bazán, Eladio Vázquez Ferro, Antonio do Campo, director da revista, quen, ademais, publicou sen sinatura unha serie de breves biografías referidas a Gamallo Fierros, López Cuevillas, Alberto Vilanova, José Alonso Trelles, Delfín Bóveda e outros coñecidos galegos.

67. VIVERO EN CUBA

Revista ilustrada, bilingüe, órgano da Sociedade Vivero y su comarca¹¹⁶, que se propón saír cada mes, pero que en certas etapas a súa aparición é irregular. Na cabeceira leva unha frase de Concepción Arenal: “*Cada escuela que se abre es una cárcel que se cierra*”, e outra de J. N. Aramburu: “*El primer deber de un ciudadano es instruirse. El segundo es trabajar*”.

Comezou a editarse en novembro de 1911. Dirixiuna, até 1932, Jesús Peynó; e a partir de 1933, Francisco Docal.

Ten as características das publicacións das sociedades: noticias de actos, banquetes, festas, nacementos, viaxes, obituarios, e

¹¹⁶ Institución fundada na Habana o 10-12-1910. Foi unha das sociedades que máis escolas ergueu e sostivo en Galicia. Resultado: na prensa luguesa de 1927 pode verse a noticia de que no último sorteo de quintas, nos seis concellos do distrito, que abranguen un total de dezanove parroquias, non había un só mozo analfabeto.

inserción de fotografías de meniños sorrintes, rapazas que celebran os quince anos de idade, vellos fundadores, amais de paisaxes da comarca de Viveiro e das escolas en construción ou xa instaladas. Outras páxinas recollen artigos sobre temas diversos, evocacións, anacos da historia de Galicia, notas sobre Nicomedes Pastor Díaz e Pascual Veiga. Traballos coas sinaturas de Enrique Chao Espina, Alberto Michelena, Perfecto Guerrero Santín, José Pernas e poesías en galego de Rosalía, Curros Enríquez, Eduardo Núñez (D'Arxellas).

68. VOZ DE GALICIA, LA

Semanario tabloide, “*Regionalista y de noticias*”, escrito en castelán, que comeza a publicarse o 13 de marzo de 1892¹¹⁷. Aparece como *director literario* do mesmo, Juan G. Montenegro, quen escribe boa parte destas apenas catro páxinas. En veces asina “Montenegro”, e outras, “El Brujo”¹¹⁸.

Ocúpase, fundamentalmente, dos problemas do Centro Galego, e, en menor escala, da Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia. Sinala na segunda entrega: “*A pesar de que nuestra aparición en el terreno del periodismo regional fue anunciada con palabras de paz y concordia, la envidia, la explotación, la rabia sorda y concentrada, no pudieron mirar con buenos ojos nuestra presencia...*” Polemiza con *El regional gallego*, e critica actitudes de Waldo Álvarez Ínsua, director de *El eco de Galicia*. Defende reiteradamente a xestión dos señores Villasuso, Lenzano e Armada Teixeira no Centro Galego, e aínda que transcende certo apaixonamento parcial, non cae en baixeiras de linguaxe; as súas análises resultan convincentes.

Inclúe unha Galería de Gallegos Ilustres, algunhas noticias da Galicia territorial, páxinas da nosa historia... Talvez para alixeirar a presenza de traballos “serios”, adoitan aparecer uns paveros

¹¹⁷ O ano 1913 comezaría a saír en Buenos Aires unha revista co mesmo nome.

¹¹⁸ Pseudónimo que lle viña do semanario satírico do mesmo nome, fundado e rexido por el en 1891.

epigramas, que asina un tal Perenzulas. Outros colaboradores son Juan J. Mirabet e M. L. Barosela.

69. VOZ DE GALICIA, LA

Revista mensual, bilingüe, que desapareceu ó pouco de nacer, no ano 1915. Fundouna e dirixiuna Francisco García Martínez, inspirándose talvez no título da que editara Juan G. Montenegro vinte e tres anos antes.

70. VOZ DEL ALUMNO, LA

Boletín de saída irregular, escrito en castelán, órgano do plantel Concepción Arenal do Centro Galego. Ostentaba o lema de: “*No atacamos personas; combatimos sistemas*”. Tiña como director a Francisco Taboada, e eran xefe de redacción e administrador José Saavedra e Daniel Picallo, respectivamente. Precedeu a *El secante*. Comezou a publicarse o ano 1935.

Ocupábase dos problemas do centro escolar do que era voceiro, e, por veces, de cuestións colaterais do Centro Galego, institución que tiña o ensino como unhas das súas razóns de ser¹¹⁹.

Contén fotografías de alumnos e de profesores destacados, noticias sobre actividades deportivas do plantel, e tamén sobre festas e actos culturais, amais de artigos que xeralmente asinan Julio Guerra, Francisco B. García, José Sánchez Arnijes, Tomás Loureiro, e outros, e poesías, referencias científicas, pasatempos...

O boletín reflicte moi ben a importancia deste plantel, do que vale a pena ofrecer algunhas cifras aquí. En 1880, a poucos meses de se fundar o Centro, contaba con 109 alumnos, distribuídos así: Escritura, 34; Lectura, 15; Gramática, 10; Aritmética, 14; Teneduría de libros, 11; Francés, 13, e Inglés 12. A matrícula foi

¹¹⁹ No mesmo edificio do plantel, que fora casal do Centro Galego, denantes de se inaugurar o novo palacio social, en 1915, hai hoxe unha escola primaria á que asisten máis de 600 nenos. Segue levando o nome da ilustre escritora e penalista ferrolá.

en aumento, e cincuenta anos despois, amais dos centos de nenas e nenos que cursaban o ensino primario en sesións diúrnas, había preto de 900 alumnos matriculados nas clases de pola noite, de Gramática, Aritmética, Literatura, Comercio, Idiomas, Taquigrafía, Bordados, Labores, etc., á parte dos case 400 da Academia de Belas Artes, que comprendía Música (solfeo, piano, guitarra, mandolina, violín, orquestra), Declamación, e Artes Plásticas (Pintura, debuxo, modelado, baleirado)¹²⁰.

71. VOZ GALLEGA, LA

Periódico quincenal de pequeno formato, escrito totalmente en castelán. Comezou a publicarse, dirixido por Eduardo P. Marzoa, o 5 de maio de 1937.

Era voceiro do partido Unión Progresista Gallega, pro Centro Galego. Atacaba a xestión dos directivos da entidade, e sobre de todo facíalle duras críticas á Asamblea de Apoderados. Denunciaba desfalcos, mala planificación das obras, deficiencias nos servizos sociais, anomalías na Caixa de Aforros, caciquismo...

Os máis dos traballos aparecen sen sinatura. Outros, están calzados cos nomes de Manuel Fernández Gómez, o único redactor “visible” da publicación.

Vimos soamente seis números. Pensamos que foron os únicos que se editaron¹²¹.

¹²⁰ Durante moitos anos, a Academia de Belas Artes estivo dirixida polo escultor e profesor de Modelado galego, Manuel Pascual, autor, entre moitas obras, dun busto de Lenin que se atopa nun edificio público da capital rusa.

¹²¹ No mes de nadal de 1939, comezou a publicarse unha revista, patrocinada polo mesmo partido, co título de *Alma gallega*, dirixida por Luis Reynante Losada.

APÉNDICES

I

QUINCE NOMES^{*}

^{*} Soamente quince. Quince microfichas referidas a outros tantos homes cuxo facer na prensa galega de Cuba é escasamente coñecido.

ÁLVAREZ ÍNSUA, WALDO (A Estrada, 1858 - Madrid, 1938). Chegou á Habana en 1877. Con só vinte anos de idade fundou *El eco de Galicia*, a primeira publicación periódica galega de América. Colaborou na prensa da Illa. Débeselle a iniciativa da creación do Centro Galego. Fíxose avogado na Universidade da Habana. En Cuba publicou, en libro, *Aires da miña Terra* (1883), e *Galicia contemporánea. Páginas de viaje* (1889).

ARMADA TEIXEIRO, RAMÓN (Ortigueira, 1858 - A Habana, 1920). Foi secretario do Centro Galego e impulsor de diversas iniciativas nesta institución. Fundou e dirixiu *A gaita gallega* (1885-1889), periódico escrito enteiramente na nosa lingua. Fíxo popular o pseudónimo de Chumín de Céltegos. Colaborou noutras publicacións. É autor de traballos publicados en castelán sobre as sociedades galegas de América. En galego publicou *Non máis emigración* (teatro, A Habana, 1886); *Caldo de grelos* (versos, A Habana, 1895); *Aturuxos* (versos, A Habana, 1897, con prólogo de Curros Enríquez); *Da terriña* (versos, A Habana, 1918). O ano 1900 volveu á súa Ortigueira natal. Regresa a Cuba en 1909, onde se radica deica á súa morte.

BLANCO TORRES, ROBERTO. Chegou a Cuba nos primeiros anos deste século. Utilizou o pseudónimo de Fray Roblanto. En 1911 fundou na Habana a revista *La alborada*. En 1915 botou a andar outra publicación: *La tierra gallega*. Colaborou amplamente na prensa cubana e na prensa galega de Cuba. Arredor de 1925 volveu a Galicia. Matárono en Ourense, en 1936, cando se produciu o alzamento fascista.

CABANILLAS, RAMÓN (Cambados, 1876 - ídem, 1959). Emigrou a Cuba en 1910, con 34 anos feitos. Ocupouse de tarefas contables. Estivo vencellado ó Centro Galego: redactou

uns novos estatutos da entidade, foi administrador do Teatro Nacional, dirixiu o boletín *El Centro*. Con Antón Villar Ponte, Adelardo Novo, Roberto Blanco Torres, Ramón Armada Teijeiro e outros, animou a tertulia do café habaneiro “La Puerta del Sol”. En Cuba (na revista *Suevia*) publicou os seus primeiros poemas orixinais en galego; outros viron a luz en *Galicia*. En *Galicia gráfica* deu a coñecer algúns sonetos en castelán. Na Habana foron editados os seus libros iniciais: *No desterro* (1913, con prólogo de Basilio Alvarez), e *Vento mareiro* (1915). A pouco de saír este segundo poemario, o “Poeta da raza” retornou a Galicia.

DEVESA NAVEIRO, DOMINGO (Santiago, 1823 - Cienfuegos, Cuba, 1895). Era moi novo cando veu a Cuba. Tiña o oficio de xastre. Estableceuse na cidade de Cienfuegos. En 1881 publicou un *Método de corte para los sastres*. Foi membro fundador do Partido Autonomista Cubano, e dirixiu *El avisador galaico*, periódico que fundou en 1878, xuntamente co seu paisano José Porrúa.

DO CAMPO, ANTONIO (Ourense, 1892 - A Habana, 1969). Chegou a Cuba o ano 1919. Foi xefe de Oficina da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, secretario da Asociación Iniciadora da Academia Galega, cronista do *Diario Español* (que dirixía Adelardo Novo), profesor do plantel Concepción Arenal; director de *Vida gallega* primeiro, e de *La vida gallega en Cuba*, despois; animador de actividades culturais. Tiña unha importante biblioteca galega, que os fillos doaron, cando el morreu, á Sección Gallega do Instituto de Literatura e Lingüística, da Habana. Publicou (en 1949) un utilísimo índice temático das máis importantes revistas científicas galegas do século XX.

FERNÁNDEZ, ALFREDO (Allariz... - Madrid, 1927). Coñecido polo pseudónimo de Nan de Allariz. Viviu moitos anos en Cuba, onde escribiu versos e pezas de teatro costumista. Na Habana estreou *Recordos dun vello gaiteiro*

(1904). Tomaba parte como actor nas obras que levaba á escena. Colaborou en diversas publicacións. O ano 1914 fundou na Habana un periódico que tería curta vida: *O tío Marcos*, inspirado, evidentemente, no ourensán *O tío Marcos da Portela*, que fundara e rexera o poeta Valentín Lamas Carvajal. Foi secretario da Asociación Iniciadora da Academia Galega.

GÓMEZ, FUCO G. (Ouselle, Becerreá, 1895 - A Habana, 1969).

Emigrou a Cuba analfabeto, en 1913. Fixo estudos diversos no plantel do Centro Galego. Leu moito. Dende 1919 colaborou en *Galicia*, *Heraldo de Galicia*, *Eco de Galicia* e outras publicacións galegas de Cuba. Co-fundador da Irmandade Nazionalista Galega e do periódico *Nós*. Publicou diversos libros, uns en galego e outros en castelán, pero sempre referidos ó seu país. Tiña preferencia polos temas lingüísticos, o que se reflicte nas obras *Graña galega* e *O idioma dos animás*, ambos moi polémicos. O ano 1941 fundou o periódico *Patria galega*, que dirixiu (e escribiu case na súa totalidade) até nadal de 1960.

HORTA Y PARDO, CONSTANTINO (Pontedeume ... ídem,

1923). Arribou a Cuba sendo un adolescente. Estudou Ciencias comerciais na Universidade da Habana. Dedicouse á docencia. Publicou varios libros sobre temas mercantís. Rematou a carreira de Dereito e foi avogado gratuito dos galegos emigrados en Cuba. Dirixiu o *Boletín del profesorado cubano* e a importante revista *Galicia*. Colaborou en diversas publicacións galegas da Illa. Volveu ó seu Pontedeume natal, onde residiría deica a súa morte.

LUGRÍS FREIRE, MANUEL (Sada, 1863 - A Coruña, 1940).

Emigrou a Cuba en 1883. Con Ramón Armada Teixeira fundou, en 1885, *A gaita gallega*, primeira publicación de América escrita totalmente en lingua galega. Utilizaba daquela o pseudónimo de *Roque d'as Mariñas*. Na Habana escribiu e ensaiou a peza teatral *A costumeira da aldea* (1885), e publicou

o seu poemario *Soidades* (1894). Colaborou en diversas revistas galegas de Cuba. O ano 1896 retornou definitivamente a Galicia.

MONTENEGRO, JUAN G. (Noia, 1861 - Arxentina, ...). Chegou a Cuba o ano 1875. Cando estala a Guerra de Independencia, en 1895, alistase no exército español. Toma parte en diferentes combates. En marzo de 1892, funda na Habana *La Voz de Galicia*. Tamén é fundador dos semanarios *El noticiero ilustrado* e *El duende*, e o diario *La Nación*. Funda, ademais, o periódico satírico *El brujo*, “*que alumbra, ilustra y divierte*”. Aínda colaborou, escribindo e debuxando, en *La voz de Cuba*, *La lucha* e *El asimilista*.

NÚÑEZ SARMIENTO, EDUARDO (Ribasar, Padrón, 1865 - Cruces, Padrón, 1906). Desembarcou na Habana en 1894. O 10 de novembro dese ano publicou en *El Eco de Galicia* a súa primeira poesía en galego: “Contrastes”. Neste semanario viña colaborando dende había oito anos. Na Habana fundou e dirixiu *Galicia en América*, *La región*, *El Quijote*, *El Eco español*. Escribiu no *Diario de la familia* (no tempo en que Curros Enríquez era xefe de redacción), *El hogar*, *La unión constitucional*, *El fígaro*, *La lealtad* e outros. Tamén colaboraba na revista *Galicia*, fundada o no 1902. Foi profesor do plantel Concepción Arenal. Publicou na Habana os poemarios en castelán titulados *Constanza* e *En las orillas del Esla*. Nos xogos florais de Camajuaní (agosto de 1904) foille concedido o primeiro premio por “Desde que el hombre nace”. O ano 1905 regresou a Galicia.

PEYNO, JESÚS (Lugo, 1869 - A Habana, 1948). Xa fixera 37 anos cando chegou a Cuba, en 1906. Na Habana fundou e dirixiu *La raza*, *La región gallega* (esta en unión de Enrique Zas), *Suevia* (conxuntamente con Ricardo Carballal) e *Vivero en Cuba*. Ademais, colaborou en *Follas novas*, *Galicia*, *Cultura gallega*, *Ideal gallego*, e en *La noche*, *Diario español*, *Diario de la Marina*... Foi amigo de Curros Enríquez e de

Fontenla Leal, animou a Asociación Iniciadora da Academia Galega, mantivo un longo e froitífero vencello epistolar con Manuel Murguía, colaborou decisivamente coas Sociedades Galegas de Instrución e desempeñouse como xefe de prensa do Centro Galego. Escribiu moito, en galego e en castelán. Por veces utilizou os pseudónimos de J. Oniep, P. y No., Fray Canterio, Fray Modesto, Lucas e Farruco de Lugo.

PORRÚA VALDIVIESO, JOSÉ (Corcubión, 1822 -Cienfuegos, Cuba, 1913). Avogado. Non sabemos cando chegou a Cuba. Instalouse en Cienfuegos en 1867. Desempeñou cargos municipais e foi asesor do Xulgado de Guerra. Alcalde da cidade, a partir de 1872. Deputado provincial en 1879. En 1878 en compañía do seu paisano Domingo Devesa, fundou *El avisador galaico*.

VILLAR PONTE, ANTÓN (Viveiro, 1881 - A Coruña, 1936). Arribou á Habana en maio de 1908. En 1910 fundou a revista *Alma gallega*, de curta andaina. Estivo vencellado a outras publicacións galegas de Cuba, e tamén colaborou na prensa cubana. En 1910 regresou a Galicia definitivamente, e ocupouse por un tempo da corresponsalía do habaneiro *Diario de la Marina*, e de *Correspondencia*, de Cienfuegos.

II
TESTEMUÑO GRÁFICO

LA ALBORADA



REDACCION Y ADMINISTRACION: CENY DOBLADO

DERS FRANKSQUE GALLACE

A ANDRÉS MURUAIS, MUERTO

Cuando habías el silencio aminorado
 Que fué a la patria aminorar de vocación,
 Y a la voz del profeta, a la del nido,
 Siguió en las tristes silenciosas horas,
 Frente inmortal del apolítico cono,
 Había las fuerzas que el sol, abate
 Mismo terrible antena de corbato,
 La férrea luz de las curvas de oro,
 Te imitabas: culto, gloria al que braga
 Con ánimo valiente y diestra brava,
 Y antes muere en la lucha que se entrega!
 ¡Oh, tierra de más padecida, tierra esclava,
 Tu redención es después que no llega,
 Del espíritu en: noche que no acaba!

M. Carlos Rodríguez

* * * REDACCION Y ADMINISTRACION: COMPOSTELA 22.-TELEFONO 4.333. * * *

IMP. DE C. BLANCO.-LABRANTIA 271

ALMA GALLEGA

José Castro Chané



+ 54 Enero 1917.







Boletín de Propaganda de la Sociedad "Unión Mugardesa" de la Habana

Las grandes fiestas de San Julián y San Vicente de 1951. — En los salones del Club Deportivo Astorico.
— Dos grandes Orquestas, la de "FELISARDO LOPEZ" y la "ROSERA HARRANIERA". — 200 "TORTAS DE OROS". — DOS GABARRONES DE ANOS MUGARDESES. — MIL BOTTILLAS DE CERVEZA "CRISTAL". — Primeros concursos. — Quince de la gran fiesta. — Cabaré "TOSQUELA" con 200 puros en premio, en este momento. — Salas de la fiesta. — Comensales. — Compromiso de Danzón. — Diversos actos de la Cabala. — Nuestra TONIFERA. — Y la Nerviosa Mugardesa "CONGESTION NA FONTE GRANOE".



Vista general del pueblo de Mugardes, con su Puerto Marítimo.
Desde estas alturas las fiestas de "Unión Mugardesa de La Habana".

LAS FIESTAS DE SAN JULIAN Y SAN VICENTE

Con un día claro, cielo azul, sol de ardiente intensidad, buena fiesta y mojitos en los dominos 14 de enero de 1951 la "Unión Mugardesa" se dispuso a celebrar su más grande fiesta del año.

La terraza del Club Deportivo Astorico es un gran maravilla para esta fiesta, salones amplios, frescos y alegres, ruidosos de música estruendosa que produce multitud de golpes de laja verde y clara, que al momento atravesarlo al sol, se cambia en resaca de mil tipos colores, que adornó la escena, en donde se celebra la gran fiesta mugardesa.

San las 2 de la tarde, ya las 6 bandas de Polkaque arrancaron con su estruendo atronador el inicio de la fiesta, 200 años alrededor del salón y en medio al

polvo, en donde desfilaba la gran Orquesta del maestro Belisario López, conque con un magnifico Valt, a cuyos pasos seguía multitud de parejas jóvenes... pero ya superior inmediatamente numerosas parejas batidas por jóvenes mayores, solistas y solistas de edad... así se llena el salón... así inmensamente al impulso de nuestra gente... la música llena de fuerza y la dulce melodía del Valt, haciendo a los nuestros... se incorporan al "POLKA" y ya hubo algunos que batió al "REGENTE" formos solistas de baile, en la que generosamente de jóvenes mugardesa, se celebraría de alegría en este día de fiesta de sus patronos San Julián y San Vicente.

Según Española numerosas familias, entre las insólitas, hay una selección de jóvenes, que adornan las

ENERO
de 1952

CENIT • 10c

ORGANO OFICIAL DE "HIJAS DE GALICIA"

REVISTA DEDICADA A LA MUJER Y AL NIÑO



D. Manuel Carral Enriquez

COSPEITO

Boletín No. 3

Mayo a Julio de 1980

SOCIEDAD HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DEL COSPEITO

Fundada el 18 de febrero de 1979

Patro de Matr. No. 455 años

Calle 1, Habana

Dada

Eliseo Cirilo Sánchez
Director

ACTIVIDADES DE LA COLOREA
ESPAÑOLA EN CUBA



Cultura **GALLEGA**



La Habana, Julio de 1939.

20 pts.

CURROS ENRIQUEZ

Revista Mensual



**MONUMENTO A
CURROS ENRIQUEZ**

**ENERO DE 1945
HABANA, CUBA**



BRYTA. CARMEN LORENZO

ECO DE GALICIA

JUNIO 25, 1936

FIANDO



Na nosa terra tamén traballan as aboas





Vista del Colegio que en el pueblo de San Miguel, sostiene la sociedad de instrucción.

«Hijos de San Miguel y Reinante», de la Habana.





RODRÍGUEZ XANTISTA

Bañado, artísticamente acentuado
del Centro al ocupar la presidencia,
su energía, tesón e inteligencia,
cualidades y tranceses ha vencido.

Piedra a piedra, su esfuerzo ha conseguido
alcanzar una soberbia resistencia,
ante el de más alta transcendencia
por la Corona en Cuba secretele.

Entre las sombras de hoy, es como un astro
que brasa, luminoso, con su radiante,
la ruta del deber y la victoria.

Y en Pulso, casa de Galicia,
será siempre, por fuerza de justicia,
pedestal de su estatua y de su gloria.

Ramón CABANILLAS.

GALICIA MODERNA

RESUMARIO DE INTERESES GENERALES

Discente: JOSE NOVO e GABRIEL

Editor: ROLF W. SCHMIDT

TITRE DE L'ACTIVITE Direction Gellum 54 Administration, Agence numero 72		TITRE DE L'ACTIVITE Direction Gellum 54 Administration, Agence numero 72	
--	--	--	--

SLIMARIO

Sighele, *Ambrogio*. *Biblioteca italiana contemporanea*. n. 80. Torino : Einaudi, 1976. 246 pp., illustrazioni. L. 12.000.

GALLERIAS DISTINGUIDAS

20

统计信息出版社 仁德路111号

Abstract

[illegible][illegible]

de la familia y el medio ambiente. En primer lugar, el individuo, manteniendo la independencia, debe ser capaz de realizar una actividad o un proyecto de vida. En segundo lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con los demás, de modo que pueda vivir en sociedad y en familia. En tercer lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con el medio ambiente, de modo que pueda vivir en armonía con la naturaleza. En cuarto lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la cultura, de modo que pueda vivir en armonía con la sociedad. En quinto lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la economía, de modo que pueda vivir en armonía con el sistema de producción y distribución. En sexto lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la política, de modo que pueda vivir en armonía con el sistema de gobierno. En séptimo lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la religión, de modo que pueda vivir en armonía con el sistema de creencias. En octavo lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la ciencia, de modo que pueda vivir en armonía con el sistema de conocimiento. En noveno lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la tecnología, de modo que pueda vivir en armonía con el sistema de producción y distribución. En décimo lugar, el individuo debe ser capaz de relacionarse con la cultura, de modo que pueda vivir en armonía con la sociedad.

Les participants ont été informés que leur participation était volontaire et qu'ils pouvaient à tout moment interrompre leur participation sans aucune conséquence.

There, the results concerning the management practices of Chinese forestland are of similar nature. Indeed, the forestland is cultivated as a cash crop, and the revenue from the sale of pulp is the main source of income for the majority of the households. To this specific point of perspective, the results are similar to the findings of a survey of forest management in the Philippines (Lambert, 1997).

